


# DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 44  
2021

***D O R N A***



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021  
© Xunta de Galicia, 2021

**EDITA**  
Edicións USC  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[www.usc.es/publicacions](http://www.usc.es/publicacions)

ISSN 0213-3806  
ISSNe 2340-0099

---

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 44

---

2021

---

DIRECTOR: Ramón Lorenzo

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos

SECRETARIA: Alba Cid

COMITÉ ASESOR: Antonio López Díaz (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), Elías J. Feijó Torres (Decano da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar (Presidente do Pen Clube).

IMAXES: Yatir Fernández

[www.yatirfernandez.com](http://www.yatirfernandez.com) - @yatirfernandez

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Isabel Argüelles

ENDEREZO: **DORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15705, Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: [dornausc@gmail.com](mailto:dornausc@gmail.com)

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posible por correo electrónico ou ben por correo ordinario, acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

ESTA REVISTA SAE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



CREACIÓN

NOVA



### o traxecto

existe un certo pracer en ver as pingas de auga moverse a través do vidro

algunhas xúntanse nun último pulo e outras quedan suspendidas na espera mentres apostas cal delas chegará máis lonxe

fóra, as árbores da beira da estrada parecen moverse en dirección contraria, a velocidade é constante

o cristal embaza e limpas coa man a superficie húmida, a marca que deixa será visible tamén nos días de sol

os nenos preguntan canto falta para chegar

ti só pensas en volver



## Arancha Nogueira

### Antese

Quero dicirle: mamá, somos iguais  
cando mordemos os pexegos. Non colle un só descoido.  
Quería dicircho a ti, pero ti non es igual.

Mans tupidas.

Non hai medo en ningunha das túas dentadas.

Cursor → abrir → Spotify → buscar → C. Tangana → Nunca estoy

\*

Fai unha danza coas mans, contorsionista

(ás veces non son os ollos son as mans).

Non colle un só descoido.

De tanta repetición rematei por aprender  
este camiñar de braille.

\*

[me dan medo los meses que se van volando/ me he quedao' flaquita de  
esperarte tanto]

Pregúntome  
se ela tamén se deixou sentir o azar,  
se houbo neses ollos algo de explosivo.

O seu traxecto remata sempre nunha dársena, no paso de funambulista,  
neses ollos cheos de medo, pero tamén o meu.  
Somos dúas esperando un timbre.

Poemas de *Antese*, XIII Premio de Poesía Victoriano Taibo (2021)

## Belén Senín

advertíchesme  
ti e o teu partir mecánico dos tirabeques

sentada no poio  
as verduras ao sol brillantes coma esmeraldas en bruto  
e os teus ollos diminutos á sombra  
daquel sombreiro de palla co logo da caixa de aforros  
e unha avalancha de insectos sobre a pedra

o clac clac clac era un código  
nunca souben descifralo pero sei que o era

intentaches dicirme por todos os medios  
pero confía en min  
nin sequera a túa omnipresente consciencia da morte  
puido previr esta voráxine

herdín de ti  
a manía de rascar a cabeza ata facer sangue  
pero non a habilidade de predicir os formigueiros baixo a herba

non entendo como funciona o legado  
pero non como pan e dalgunha forma síntoo unha traizón  
coma se cada bolo fora amasado polas túas mans  
cando aínda eran mans novas e proletarias

hai tantas cousas que non entendo  
que ás veces todo parece un relato deformado de boca en boca  
e non recoñezo as túas orixes na limpeza das miñas unllas  
o centeo e o transatlántico  
e estas unllas tan limpas que nunca gañaron o pan

pero cando me sinta orfa de raíces  
tocarei as feridas entre o cabelo  
e lembrareite a ti  
e lembrareino todo

perseguías ás formigas polo camiño, avó  
durante meses concentrácheste na ofensiva  
os teus enormes pés contra os seus corpos diminutos  
todas as túas enerxías concentradas en conter a ameaza

ti tamén querías previrnos

non só obviamos a enfermidade  
tamén ignoramos a invasión

## Claudio Rodríguez Fer

### Cando a noite cae sobre Bucarest

*Când se lasă seara peste București*

MARIA RADUCANU

no Teatrul de Artă București

o 14 de abril de 2019

Cando a noite cae sobre Bucarest  
reflectida sobre os lagos no asfalto  
ti encarnas todo o jazz da cidade.

Tardes de poesía máis alá da lingua  
e amor de mañá nun espello oval  
en fusión coas músicas do mundo,  
nómades como cingaras danzando,  
apátridas como cantos de exilio.

Fundímonos con toda a cidade,  
esa femia escura, luminosa e núa  
que nos ama e que amamos  
cando cae a noite sobre Bucarest.

## Entrando en Transilvania

*Quizais fenecerei en transilvania de paso  
A boca violeta, 1987*

Eu renacín en transilvania de paso  
poboado de vida como un bosque  
entre os vales e os cárpatos.

Facías da vida un soño  
e do soño a realidade  
encarnada en desexo.

Como un tren entre abetos  
entramos en transilvania.  
E máis aló de nós mesmos  
somos xuntos mesmo bosque.

### Domingo

Ao principio un western  
o olor a cinsa nas cortinas de perlé  
unha música eléctrica distante  
e esa lámpada que tremía ao verme.  
Tamén mulleres coma arañas doutro tempo nunha imaxe de revistas e calceta  
tecendo e destecendo para debuxar a pesadez  
    un punto do dereito  
    outro punto do revés  
as agullas tricotando percusións eran presaxio fado agoiro vaticinio

Papá estaba    mamá durmía    os sons ecoaban nas clepsidras  
e eran pedras que escachaban indo e vindo en minutos de deserto  
en péndulo  
agachados tras homes a cabalo que non falaban coma nós.  
Os libros eran longos e as merendas solitarias  
    tan proféticas  
anunciaban culpa extrema nos domingos.  
Tardes de nada convertidas xa en vento ou lesma  
onde pinga a area e o corazón que se baleira.

Borraría feliz cada domingo  
a pesar de que é agora un compendio de pasado  
coa súa dose de familia e tedio  
    sobre todo  
o seu ar de quere-lo todo sen ter nada.  
Só este desencanto  
coa música de fondo onde a memoria cre facer o que non ousan as vontades  
    correr voar abrir a greta aquela  
    en que os colibrís foron comestos polas larvas  
    soprar no vento toda a cinsa  
    e facela furacán para respirar



Por un tempo  
os domingos eran alegría  
e podían mudar o western pola miña voz en cántiga  
e o olor da cinsa polo sándalo que abrolla.  
Pensei que a nena sabia e mais o verso encherían de harmonía  
mil minutos e infinitas pingas de area feita estrela ou voz en alto.  
No seu lugar  
o arrepío que regresa cando as ás dos colibrís fugados perden plumas  
e espallan cinsa de memoria aprendendo de cor melancolía.

En domingo as paredes súan medo e a certeza de baleiro escapa polas gretas  
bate alí onde xace a miña voz  
e a desmemoria  
silencia a luz      quizais cristal roto, area e sangue.  
Queda só este espazo de non ter.

Daquela,  
    cando os westerns e as arañas da calceta,  
debera saber que o tedio a cinsa a angustia eran só  
un vento que zoa  
e a vida fuxidía.

HABÍA UN corazón a espremerse intensamente  
Cóllese así  
    apertando o centro neste puño  
para convertelo en reloxo de area  
Cando o sangue pasa polo estreito entre as aurículas,  
nace a pedra do poema  
e vén o golpe

Ese corazón que intenso se apertaba anegaba os teus ventrículos de area  
que premía  
    de dentro a fóra lento e mol carnívoro  
coma a víscera que corta o bisturí para facer un todo  
desa nada onde esvaraba o pálpito  
ferida aberta onde cabía a ausencia

Por un simple amante  
    de tantos (mentía)  
non vén a náusea deste xeito  
non,  
nin cabe a vida na ambulancia que te leva.  
Por un simple amante,  
o presente non é de súpeto un baleiro  
alí, na agulla do reloxo  
nin tampouco un medo      un tremor      unha vertixe  
que enmudece

Eu, rodeada de voz  
a boca, feita lousa

E entendín  
entendín      claro

Mais pechei a razón con sete chaves e sorrín  
porque a risa tapa o golpe e o saber profundo que te fixo inevitábel  
cando foi o sangue meu quen se detivo

mentres

Seguía o corazón espremendo intrigas en area  
tan densa que queimaba o vidro e mancaba a pel das veas frías  
inaugurando un novo tempo

teu e meu

que

dende aquela

só con reloxos brandos foi medido

E daba igual se agromaba do labio un corte,

do barco ao lonxe un bruído feito laio

da carne nosa a náusea coma un verme

pois do mundo enteiro brotaba en colibrís a area

coa que eu quedei estatua á espera.

Había

amor

un corazón espremido intensamente e parecía o teu

no equilibrio das luces verdes dun robot eléctrico

e un son de poética campá en agudos breves de batido

Pero era o meu,

para ciscar toda esta area onde abrocharon rosas novas

ao quedar baleiro.

E así foi

Tanto

que logrei darche o sopro cósmico en que hoxe bailas

a música que cabe entre un puño e un suspiro.

Foi todo

Tan intenso que

no pálpito

o corazón de area deu a vida á que non sabía que era morta.

Poemas de *Clepsidras*,

XXXIV Premio Eusebio Lorenzo Baleirón de Poesía (2021)





**Tres bicos na fronte para mamá**

*un canto de amor ós problemas da Galiza*

**2002**

A sociedade vaga na disconformidade dun futuro cor carbón.  
Palabras fiadas no ton tráxico da indignación fuxida,  
responsabilidades que queiman nas mans case tanto coma nas córneas.

Morte eterna.  
Naufraxio social cun preludio anunciado.  
Gaivotas petroleiras expiran,  
mar de ondas treboentas cosidas cun fío feble de perdón.  
Gretas náuticas que traspasan os límites do porvir,  
Costa que fai uso do seu nome.

Son insuficientes as mareas brancas para calar unha fame tan negra.  
Interrogación retórica bailando un porqué no descoñecemento,  
un quebracabezas delirando febre propia da tolemia,

meses de tres íes fantasmagóricas,  
chapapote inesgotable,  
culpabilidade de contrato indefinido,  
ferida que semella incurable,

a sociedade vaga na disconformidade dun futuro cor carbón.

Tínguese a historia dun acibeche mortífero que deambula entre xeracións.

2017

O queixume xordo de Mamá estremece cada táboa do chan da casa.  
Observa cos ollos húmidos cómo os nenos dos que un día foi berce,  
loitan por atrapala entre lapas  
mentras ela mesma se empapa en bágoas.

Mamá asolaga no seu propio charco salobre.  
Sente como unha chuvia ácida e inflamábel a recorre de punta a punta,  
extinguindo toda palabra de amor que quedaba no seu ventre.

Mamá chora porque debuxamos ira coas unllas longas nas súas costas.  
Gardamos a carraxe do momento nun frasco e esquecemos ata a próxima,  
pensando que ninguén ten tanta malicia como para rematar con quen lle  
deu a  
vida. Laiámonos unha e outra vez; tenra falacia do distinto.

Mamá desfaise entre sementes de eucalipto,  
carballos calcinados polo demo do ombro esquerdo,  
roubar o corazón verde dos bosques cando cheira a fume e arrepentimento.

Mamá morre.  
Paulatinamente en silencio.  
Afógase nun grito mudo que nos escorrega polo tímpano.

Ela, casa de nómades.  
Cosmopolitismo filial que crece por momentos.  
E nós, herdeiros lexítimos dun futuro carbonizado,  
pomos a responsabilidade a secar ó Sol polo que nos espera.

2020

O treboento son do turista perdido  
inunda o silencio dunha utópica felicidade desbordante.

Volvo escoitalos agochados en tugurios que cheiran a bancarrota,  
fotografando as mesmas rúas  
que aínda sofren un medo voraz ó abandono.

Camiño impregnado de pegadas de liberdade,  
pés de satisfacción,  
chamadas entrecortadas do teléfono escanastrado do hotel.

Rostros que esbozan nos ollos desconfianza enfermiza.  
Bicos por dar engaiolados no bucle dun tempo que non remata.

Os sorrisos agochados nos mercados onde rin as vellas  
mentres que ó mesmo tempo  
os nenos morren de fame.  
A vida estranxeira deambula polas arterias dunha maternal cidade  
metres que á vez,  
a morte xoga á ruleta rusa co cartel do local que brama *aberto*

*Case tan precioso como doloroso*

*o pandémico contraste de luz y sombra.*



Todos os mares

Nunca volverán esta hora  
nin estas palabras estar ocultas  
aos teus ollos  
sexan os teus ollos unha fonte  
ou unha montaña,  
asfalto,  
ou unha ventá aberta  
a outro mundo.

Tampouco estou certa de coñecer as túas mans pero escribín esta historia  
para elas.

Verás, detrás da escrita atópase a emoción:  
estamos conectados a cen mil embigos de baleas asasinas,  
unha historia carnívora de dominación e rebelión,  
os altísimos cantos dos anxos nas noites de treboada.

Deixa que o poema reverbere nas túas tripas  
xunto cos zumes gástricos e a fame  
dun corpo que xa non existe.

\*

No fígado emprazaban as xentes medievais a paixón.  
Exploraban os corpos, nomeaban as súas partes,  
conscientes de que o que non se nomea, non existe.

A fame do corpo, a fame do outro coma unha enfermidade:  
visión borrosa, espasmos, estar fóra de si.

Xa falaron de nós en tantos poemas do século doce, amor.  
Non eramos nin ti nin eu porque eramos todos.  
Nos nosos corpos caben todos os corpos,

unha multitude que se dobra,  
que se contrae e se expande coma o corazón  
ou a boca do estómago.

Un diafragma, nós. Un corpo inhabitado.

Aínda necesitamos nomearte.

\*

Neste ventre hai unha cicatriz.  
Neste ventre deixaron tatuada unha historia  
que preciso explicarche.

Aténdeme: os fillos son unha ferida que nunca cura,  
un sangue moi antigo,  
unha vea que rompe dentro para derramarse fóra.  
Un seroma, escoita, un líquido viscoso e negro que chora por nós,  
que sae de nós e que vive fóra e morre fóra,  
lonxe dos nosos embigos,  
lonxe dos océanos,  
lonxe tamén dos corais en perigo de extinción,  
e que volve á casa porque todas as casas están idealizadas e malditas a  
partes iguais.

\*

As nais choran nas despensas doutras casas  
cando non teñen unha casa á que volver, ou fillos que volvan á casa.

Choran de emprestado, rabiosas, coa forza de mil ventres estériles  
e o corazón enorme das baleas que varan nas costas dunha culpa  
milenaria e moi fonda, negra e fonda coma o océano deste cuarto asolagado.

As casas son para regresar, se non non serían casas. Serían outra cousa.

\*

Aos amantes pegáselles a culpa ao fígado e ao corazón.  
Tentan construír un perímetro de seguridade abrindo moito os brazos  
coma quen rodea a onda expansiva que a risa dunha nena sa faría estalar  
na primeira hora de luz. Unha nena sa non debería saber da culpa dos pais.  
Unha nena sa non debería morrer xamais.

\*

Ti non o sabes aínda, amor, pero renaceremos de entre as augas,  
como fan as deusas ou os castigos,  
para reescribir as historias de amor de Eloísa e Isolda,  
desde este aborto de casas e fillos  
onde seguen a bater os nosos corpos vivos,  
para escribirmos funestos contos a ti, que tes dúas faces coma o deus do  
inverno,  
que estás fóra e dentro, lonxe e preto, nas entrañas.

E cando nos volvan tragar todos os mares  
nalgún deles recoñecerei por fin as túas mans  
e saberei da túa fame:  
escoita, serás ferida sempre na miña carne.

## Marta Dacosta

### Solta

*Escribo isto sen sostén*

JESSICA HELEN LÓPEZ

que cada día tire dos elásticos e enganche  
os prendedores, non o fai aceptábel

xesto aprendido  
e opresión real

a tea  
grosa abondo para  
ocultar o debuxo das mamilas  
que asoman extraviadas  
delatando a deformidade  
dos seos para o canon

a tea  
forte abondo para  
suxeitar o movemento intrínseco da carne  
atar, inmovilizar  
borrar mesmo  
a forma que  
ninguén debe tocar  
tampouco ti

e avanzar nesta particular  
barra de equilibrio

dun lado  
o suxeitador invisíbel, de formas  
neutras  
tras o que ocultar  
negar

o corpo  
(ensinan                      insisten)

do outro  
o sostén de renda, suxestivo  
adorno oculto para ser visto  
arrincado  
voluptuoso  
(aconsellan                      convencen)

e eu necesito  
respirar...


porque  
que cada día tire dos elásticos e enganche  
os prendedores, non fai aceptábel  
este xesto aprendido, que sen alegorías é  
unha opresión real

si, a vosa roupa oprime  
                  encarcera            fere                      tortura

e eu necesito  
respirar...

espida  
                  quérome espida  
  e respirar

estou dicindo  
  LIBRE





## Miriam Ferradans

### Corazon de chcharo

Estende a man un neno.  
Xermollalle un chcharo  
no corazon.

\*

Do silencio das cousas  
unha muller sae cada amaeicida  
discreta elegante traballada.

Cruza as ruas os camios sobe baixa  
intelixente  
e abre a porta.

\*

E  muller e sabe recitar a Ovidio  
e ler a Shakespeare e entende canto custa  
un verso en lingua propia  
msculo esqueltico, amor raqutico  
e viaxa soa e  muller e sbeo  
e percorre o mundo e pescuda e trae consigo

e amosa todo  
canto aprende.

\*

O neno aberto, corazon de canastro  
cabaceiro.

O seu avo non saba ler nin escribir  
pero si contar cos dedos  
os mistos que quedaban  
para prender lume na lareira.



E os ollos azul de mar azul    María Pita  
daquel neno escolarizado  
enraízan nas letras ciscadas  
do que nace para perdurar  
do que trascende.

Neno pequeno    corazón de canastro:  
Enche, cálzate, aprende!

\*

E abre a porta    vimbio e terra mollada  
azul atlántico  
e é Europa quen a agarda brazos abertos  
experimentación    coñecemento.

Como enraíza un neno  
no corazón dun chícharo?

\*

Ollos á espreita. Mil cabalos por máquina  
nun peito estremecido.

—Eu xa sei sachar nas leiras, señorita,  
e sei tamén que as patacas se enterran  
co cu para abaixo e as árbores sen follas  
chámanse caducas  
e que se me porto mal, folla de vimbio,  
señorita.

\*

Sobe    baixa    agarda    colabora  
Europa mediterránea carreta de libros  
andel de soños ciscados polas alamedas

Ollos azuis María Pita  
libre camiño aos nenos.

\*

Pau para os chícharos guía distante  
non han enredarse en ti  
observación e elegancia  
cotiledón pequeno  
minúscula supervivencia.

Que medre, pois, o chícharo.

\*

Da guía das cousas, dos lugares escuros  
de zapatos sen nenos, de fame  
do lugar atlántico, do Mediterráneo  
das vimbias, do recto  
do preciso lugar onde se atopan.

Aí, aí a mestría de quen sabe.

\*

Abrimos a man.  
Un neno a piques de prender.

XXIX Xogos Florais María Pita - María Barbeito "Formar para innovar"

## Nieves Neira Roca

### Lugar en catro tempos

1

*Para Carla Andrade*

Para que un lugar se abra é precisa unha fonte.  
A sombra luminosa da auga como parede a traspasar.  
O tremor da xema do corazón na lagoa.

Unha onda de lugares avanza incesante polo mundo.  
Porque o lugar  
    o lugar  
    non é estable  
nin está sempre no mesmo sitio.  
Abre a herba en círculo co souto  
a rúa desfigurada pola luz  
de todos e de naide é o lugar  
que se abre.  
Coma ti, coma min  
sostense en relación.  
Comeza fóra  
é ourela  
entrega branca do mar na espuma.  
Comeza fóra.

Se á escritura lle pido que me acompañe é porque só nela sei gardar o intre que se curva nas augas, o que amo. O que chama de lonxe coma os anxos de todos os pórticos á vida que comeza fóra. Corazón, órgano musical, pasos, latexos. Estás aquí, estás aquí, pronuncia, é un aviso, o corpo é o eco dese aviso, espazo que se abre co anuncio do corazón. Aquí, aquí, aquí, aquí, di só o corazón, só, aquí. Aquí a lúa de setembro, aquí as formas do portal da casa, o mármore dando frío incluso aos días máis quentes do agosto, aquí entre o seixo e o granito, aquí a seguir o ronsel lácteo da mica, aquí unha nai, aquí a tarde mexida pola choiva, aquí falar tanto de Llansol, de Nancy, de Chus, de Uxío, aquí o río, o río, o río, o río, os insectos, o río.

*Para Adra Pallón, Hassam Kamara, Saber Himmoud e Larbi Lwafi*

Non había ningún prezo entre nós  
ningún mercado  
nin sequera a axuda.  
Só o brillo luminoso do río  
no xogo de luces da cámara de Adra.  
Seguímolos, seguimos o río.  
O que nos daba a tarde non era noso:  
entraba, coma entra o mar nos ollos, como a montaña pouco a pouco  
nos perfila.  
Era de todas, para todas, cosía o noso corpo ás marxes da auga.  
Fronte ao río, eramos ría: desembocabamos.

*ana asmi* Nieves  
Choiva, *sta*  
Auga, *ma*

Saltaban entre nós as palabras, coma unha alegría que non nos pertence.

Brillantes, sen peso, non eran as palabras que escriben a historia.

Son as árbores as que coidan das augas.

Á beira dos ríos inclínanse, bidueiras, carballos, salgueiros, amieiros, alciprestes.

Para que non se desborden, inclínanse.

Que sería do río sen a súa cor interna, tacto de hematite.

Que sería de nós, que sería do río,

sen as bagas do *Viburnum*,

sen o amieiro, devalando,

o río non sería.

## Olalla Tuñas

### Outono

Baixa as mans con coidado  
ao longo do torso  
as extremidades dunha gran ave

prepara o corpo para o descenso  
a cabeza pegada ó peito

no salto cégao esa luz branca  
e pensa  
na cor da terra  
debaixo das capas de xeo

abre os ollos co impacto  
e o seu corpo non se detén

un anzol no padal da tarde

A ferida primeira  
da ave que non chega canda as outras  
despois do baile da tarde sobre a campiña  
en que punto da liña de costa desapareceu?  
nos cables destrenzados  
agarda



Desexo que a traizón che fora liviá  
naquel porto con luces  
O home de todas as miñas mulleres  
salvoute?  
Antes de desaparecer  
como se nunca tiveras un nome  
loitaches

Só se ven as luces  
dos barcos  
lonxe  
o faro é quente  
pero non arde  
se faltase a luz  
os homes mataríanse  
o corpo do afogado  
está morno  
porque quere vivir  
lévao a corrente  
ó outro lado do océano  
prateadas  
as escamas dos peixes grandes  
cravadas nos brazos  
os algazos cubrindo a pel  
negros  
en traxe de noite

### puta desmemoria

puta infancia amolecida  
adormecida, aletargada, aterecida en marengo  
para logo escurecela e abandonala na negrura  
parida en lascas que arestora empapelan  
as lousas e as pétalas das aortas  
que lima nos remorsos  
e prúe nos desprenderes  
que eslúe rebuzados en linguas obscenas  
e bate sen melodía nos máis simples xuramentos

puta estrela falecida  
desmemoriada, atafegada, desorientada, desintegrada  
abertamente envelenada  
crebada pola codia dos teixos apodrecidos  
caramelizada no cerzo do meu esterno  
onde xa non habitan nin as espiñas daquel silencio  
e onde nin silvas nin toxos artellan nos camiñares

puta lingua demudada  
sen xanelas, sen sangue e sen músicas  
apoiada en mentiras cosidas na anorexia  
medrada nos cogomelos da matriz allea  
invasora inimiga de hortos insomnes  
alugueiro de viúvas sen corpos  
abandonada no fedor do cheiro estraño  
decepcionada e escurecida no balbordo das horas

con todo, os paxaros posibelmente regresen a picar nas landras  
desta fraga en que hoxe estamos en coma auto-inducido

## propiaamente propias

camiñémonos pola sacabuxa, increntes,  
falqueando os nosos troncos,  
debastándonos as axiolas  
e  
facéndonos unha soa zurrupia tropia,  
para descansarmos nas abas dos alicerces

ás veces, subindo as sopés do monte,  
e bebendo nas dos nosos ríos  
tentaremos fuxir  
da existencia albañada que nos esgaza nos medios  
ás veces tamén, mercé á omofaxia  
poderemos enfugueirarnos o desexo,  
seguíndonos a vereas que polo areal do ventre  
voa queimándonos nas chaves abdominais

restauremos as esencias destarteladas  
co novo guión doutra receita,  
e saiamos á aira para respirar a friaxe desta mañá limpa  
ispámonos tirando as escamas á suma dos medos,  
salguemos a masa e  
conformemos con ela as trabes deste casal  
sen ollarmos para ningunha fronteira,  
nin para ningún exército,  
e na mudez ou na balburdia  
tracemos un plano onde poder sermos  
só propias

## **o soño do sono**

soña o inverno nas cavernas do famélico verán,  
soñan as pupilas no levedar dos instantes e no tempo medido,  
soña a ollada co transar do formento,  
soñan as pedras cos acordes dos latexos,  
soña a choiva co beixo das amantes  
e  
soña a beiramar coa fonte do regato

soño eu no que ti soñas  
soñándote nun ensoar  
facendo do meu sono o soño  
soñado na sonoite da soñolencia  
cando ensoñño no ensoamento de ensoallarte  
harmonometricamente

e na sonoluminescencia do sono  
virei por soñar que te soño  
soñándome a través do son de quen soña  
ensoando nos teus soños  
de quen ten sono para te soñares

## a alma migrante

incestuoso delito o do silencio albar de nos amarmos  
abríndonos as carnes  
ao devorármonos os lameiros  
da cabeza aos pés

mentres deixamos percorrernos polos días  
e pola agonía imperial que rexe neste degoiro  
mentres cantamos as vellas ofensas  
presaxiadas dentro do berro das noites  
nas metáforas duns bronquios que saben a terra

permitamos a chegada da morte exánime  
para nos adentrármonos esculcando nos vermes  
que xa nos invaden nas bocas  
preñándonos na incontinencia dos lumes

así migra infecta a nosa alma cara ás palabras  
enraizadas na escrita adestrada destes nosos versos

## **muxindo as xenxivas**

covas e ocos defñenme  
e por elas, por eles, deslízanseme os equilibrios

leite salivada  
pasos no camiño  
e poemas cos seus versos  
son as escuras razóns do meu muxir antigo  
vulva e espéculo imprevisíbel  
ou perspectiva vidrada  
que persiste na nosa mirra

cando se verbaliza no cerebro da lingua

## **notarial**

[...] afogando o falo no silencio da barra dun bar, o sangue non me deixa  
apañar no brillo das estrelas que, fóra, na praza, chove nos plátanos descabe-  
zados cuxas raíces fincan os seus bordados nas cabezas vacilantes das pedras  
Da miña cidade Tampono así as cunetas por onde van os cedecatros cando  
xa abren as beirrarrúas dunha fraga hoxe mar de granito que non dorme E  
tamén afogo a lúa nos adentros dun copo que pagarei con cartos rañados do  
fondo dos medos Todo antes de tratar de tatuarme o teu nome nos restos pas-  
mados do pouco de tea que me fica seca

### Cronostase. Unha historia en tempo de pandemia

*Senta aquí, e observa o pedrazo  
dos feitos a darlle á vida  
unha forma que ninguén ve.  
Atrévete a mirala?*

PHILIP LARKIN, *As vodas de Pentecoste*

### Unha petición inesperada

[Hoxe pola mañá]

Levamos meses en corentena; na casa. Apenas xa nos vemos.

Dividimos o piso en dúas partes... Como temos dous baños! Non foi premeditado. Puido ser pola inercia de rutinas contrapostas, ou o resultado da confrontación ininterrompida de algo tan pouco fiable como os biorritmos. Non sei. A cociña quedou como o espazo de intersección inevitable. Se cadra é máis súa ca miña. Ao fin e ao cabo, alí está a ventá pola que ela mira.

Eu son dos que mira para dentro, pero ela é das que olla para fóra; cada vez máis. A pouco de comezar o encerro, empezou a sentar xunto a ventá coa mirada de alguén que sente que nada do que fai ten importancia, que vive coa certeza de que o que sucede no mundo exterior ten máis substancia que calquera faceta da súa vida. Imaxino que era a súa maneira de aliviar a ansiedade. Só precisaba duns minutos.

Hai unhas semanas chegaronlle uns prismáticos que comprou por correo –non me dixo nada; supoño que foi un dato significativo–. Explicoume que non eran para observar de xeito indiscreto o que estaba máis preto, senón para ampliar a fronteira do seu confinamento visual coas vistas de edificios máis afastados e poder así manter unha visión pouco entremetida na vida dos demais. A partir dese momento empezou a pasar máis tempo na ventá, enxergando o rutineiro aplauso da xente dende os balcóns, ou a andaina indómita e permanente, con chuvia ou con frío, dos que tiñan terraza.

Ao principio, o seu natural dinámico non lle permitía alargar moito as súas sesións de ocio contemplativo. Era boa cousa, porque a medida que transcorrían os días a ansiedade por ver o que pasaba podía ir transmutando en medo; en medo a que chegase o día de saír fóra. Antes pensaba que, se o



confinamento duraba moito, cando puidésemos saír íamos preferir quedar na casa. Pero agora, quen o sabe?

Onte pedíume o divorcio por unha irrelevancia. Pensei que era unha broma pero, se acaso, todo empeza así, en plan chiste, e despois...

Xa apenas recordo os primeiros días. Sei que me gustaba mirar para ela mentres permanecía sentada diante da ventá, ensimesmada. Non quero ser unha persoa sen capacidade de lembrar. Por iso escribo: para entender o acontecido durante estes meses; para ver a maneira de que ela non me abandone. Aínda non sei como chegamos a esta situación. Ata hai ben pouco eramos dúas persoas que vivían felices xuntas. Unha parella coma calquera outra.

## Rituais

[Durante o confinamento]

Inmersos na realidade dunha crise mundial, viviamos illados nun universo suspendido na incerteza do que nos ameazaba. Mais sabiamos que o perigo invisible non era imaxinario. Malia que moita xente o negase, o que non se vía si que existía. A peste que o invadía todo era un feito científico irrefutable. Eramos dúas persoas que –se ben compartiamos un certo espírito ermitán– posuíamos personalidades diferenciadas, sobre todo, polos nosos caracteres: teórico e perfeccionista o meu; pragmático e resolutivo o dela. Iso facilitaba o reparto do traballo na casa: mentres eu planificaba e facía listas, ela facía todo o demais. Non era un reparto moi equitativo; as cousas como son.

A nosa relación fórase construíndo a partir de pequenos e constantes axustes, como supoño que lles pasa a todas. Foi como ter estado optimizando un protocolo para casos límite de convivencia, coma ese no que nos atopabamos. Nada coma un confinamento para poñer a proba un protocolo! Tiña mágoa por aquelas parellas ás que lles coincidiu co inicio da súa relación, coa confianza intacta na invulnerabilidade que outorga o amor, antes de poder poñeren en práctica unhas pautas mínimas de convivencia. Coitadas.

Mesmo nós, malia á nosa preparación previa, estabamos descubrindo cousas novas que nos poñían a proba constantemente. Unhas causaban decepción, como a miña escasa predisposición á colaboración nas tarefas de mantemento en tempos de crise. Outras, pola contra, supoñían unha descarga emotiva imprevista, coma o descubrimento da "nosa canción", algo no que nunca reparáramos, e que resultou ser *No puedo vivir sin ti*, de Coque Malla. Non sei se foi a tempo.

Cando se decretou o confinamento pensamos no afortunados que eramos por vivir nun piso con terraza e coa vista parcial dun parque atravesado por un pequeno río. O resto das vistas da vivenda daban a fachadas de edificios que se levantaban a suficiente distancia como para manter unha certa intimidade. Pero incluso a vista do parque, dado que apenas cambiaba, acabou reforzando a sensación de vivir nunha liberdade relativa.

Cada día, dende a ventá, mirabamos o mundo estrañamente deshabitado dunha cidade anómala, marcada por unha arquitectura construída para o noso uso persoal coma unha cuncha na que, como cangrexos ermitáns, estabamos metidos. Pero eu notaba como nos empezabamos a habituar a esa percepción dun exterior aletargado. Estaba convencido de que, co tempo, o que nos ía parecer estraño sería ver xente polas rúas.

O certo foi que en poucos días pasamos de ver e gozar da paisaxe como antes, sen pretensión de nada, a mirar, a escudriñar. Volvémonos uns miróns, legalizados, iso si, por unha situación de emerxencia (unha emerxencia sempre o xustifica todo). Compartiamos co resto do mundo unha afección que contribuía a reforzar a sensación anacrónica de estar baixo vixilancia.

Asomarse á ventá, ese luxo das paredes, convertérase nun dos xestos máis definitorios desa crise. Tamén saír aos balcóns e ás terrazas, tan deostadas antes do comezo desa reclusión forzosa. Eses espazos domésticos exteriores, tradicionalmente pouco valorados e utilizados (salvo polas bombonas de butano e as vasoiras), pasaron a ser lugares privilexiados con vistas á incerteza. Os seus lexítimos usuarios suscitaban unha envexa ben comprensible.

A min, mirar pola ventá dábame preguiza; non tiña curiosidade por observar o comportamento dos demais, nin por ver o que doutro xeito non se vería. O único que me facía ilusión era contemplar, vendo a involución dos xardíns urbanos, o axiña que se recuperaba a natureza na ausencia do ser humano. Eu non precisaba a emoción de ver dende as alturas. Para encher de emocións ese tempo de ocio inesperado contaba cos libros. Cando comezou o confinamento pensei inmediatamente neles como o meu antídoto habitual contra a monotonía. Pero, por primeira vez na miña vida, os libros non me axudaron. Non me concentraba. A miña mente só me permitía ler fragmentos. Así que empecei a lerre a min mesmo. Cada día pasaba horas e horas na miña mesa de traballo, relendo notas tomadas nos últimos anos, pensando mentres tanto en nada, que é a forma máis inútil de pensar. Os libros, polo menos durante as primeiras semanas, parecerónme outro confinamento. Tardei en aceptar o acubillo que lle proporciona un libro a quen o le.

A nosa vida, en definitiva, era a suma dos nosos novos costumes. Algúns deles acabáronse transformando en rituais que regulaban o día a día da memoria das cousas (seica a memoria non é nada se non é repetitiva). Os dous acabamos

vivindo en cadanseu paréntese, esperando a volta da inevitable frivolidade, nunha cronostase na que o tránsito da trivialidade ao drama podía dar nun santiamén. Por algunha razón –quizais unha diferente conxunción de tecnoloxía, tempo e intereses comúns– ela acordaba cada vez máis tarde. O caso era que os nosos horarios fóronse desfazendo paulatinamente, acomodándose, entendía eu, á natural capacidade adaptativa de cada un de nós aos cambios drásticos das circunstancias vitais. O resultado foi que os nosos momentos de encontro e conversación asociados ás comidas foron desaparecendo. E debeu ser así como a desidia, enmascarada polos rituais, foise infiltrando paseniño na convivencia.

Un deses rituais estaba asociado, como non!, ao móbil. O móbil era o noso cordón umbilical co mundo. Unha ventá virtual. E a esa si estaba enganchado. Na casa contabilizamos un total de nove trebellos electrónicos cos que traballar, recibir información, comunicármonos e entretérmonos: un ordenador de mesa, dúas pantallas, dous portátiles, unha tableta, un libro electrónico e dous móbiles. Ademais da televisión e un teléfono fixo. Non dabamos feito para atendelos todos. Eramos conscientes de que debíamos controlar o uso deses aparatos, pero a tecnoloxía dábanos múltiples escusas para mirar ao exterior. E non as desaproveitamos. Case sen apercibirnos, a nosa vida confinada quedou suxeita a unha axenda marcada polo uso dos dispositivos:

durmir – [pantalla] – almorzar – [pantalla] – comer – [pantalla] – cear – [pantalla] – durmir.

Ela, polo menos, rompía esa monotonía tecnolóxica asomándose á realidade que nos rodeaba a través dunha ventá de verdade; e tamén facendo exercicio de cando en vez.

“Grazas” ás novas tecnoloxías sufríamos –de xeito voluntario– os incesantes reenvíos de “fotografías”, “vídeos” e “memes”, que facían as veces dos recitados de chistes e anécdotas (con soporte fotográfico) nas comidas familiares en vivo, pero sen a graza da espontaneidade. Estabamos invadidos pola irrelevancia compartida. Ese inexplicable afán por publicar os rostros fotografados, os obxectos, as comidas e as teimas persoais, conseguiu que os aspectos máis domésticos da vida dos demais se estivesen volvendo non só inesquecibles, senón ineludibles. Para min, o tráfico entre a lembranza e o esquecemento estíbbase volvendo imposible de seguir.

A estupidez axexábanos. Sobre todo nas redes sociais. Nelas parecía que o que se narraba non podía conter unha verdade estable. Suñoño que por iso empregabamos as fotos (e os vídeos) como acompañamento dun texto encargado de contar a nosa realidade. As fotos estaban aí para crear un ambiente. Pero tamén para propoñer unha proba de algo. Ata que reparabamos na leve fractura que existía entre o que afirmaba o texto e o que propoñía a

fotografía que o acompañaba. Aos meus ollos, as fotos non significaban nada se non formaban parte dunha narración, dunha historia, dunha reflexión. Tristemente, a miúdo a foto caricaturizábase en “meme” e o texto desaparecía ou convertíase nun chiste. O fundamental parecía ser que todo fose divertido. O ocio transformado en divertimento semellaba estar apoderándose de calquera espazo crítico e de pensamento.

E despois estaban as opinións institucionalizadas. Alguén cría saber algo e inmediatamente o publicaba nas redes (ou nos periódicos). Era un desvarío que se repetía. Así nacía o relato colectivo. O rumor acababa substituíndo as noticias. Todo o mundo opinaba, pero ninguén sabía o que pasaba. Todo o mundo andaba a adiviñar o futuro próximo mediante a interpretación de presaxios construídos como evidencia. Parecía que a realidade estaba a borrar os seus límites. Era estraño non estar nunca certo do que era verdadeiro ou real. Nin sequera sabíamos en que día viviamos. Era o primeiro que comprobabamos ao inicio de cada xornada. O confinamento, que podería ter sido unha manifestación contra a aceleración dos tempos, converteuse na manifestación do efecto contrario: para min o tempo pasaba máis á présa confinado. Entendía que a monotonía ininterrompida asemellaba os días entre si, cada día igual ao anterior, reducíndoos a un único día e acelerando desa maneira o paso do tempo.

No confinamento o tempo alongábase e o espazo ensumíase. A casa era, dalgún xeito, unha caixa de resonancia, unha maneira de medir a nosa relación co que sucedía no mundo. Por iso foi un acerto colocar novos espellos pola casa. Foi cousa dela. Aproveitou esa nova percepción espazo-temporal da realidade para ampliar a paisaxe da casa recolocando os espellos que tiñamos e engadindo algún novo: xa que non podíamos gozar do espazo exterior, decidíu aumentar o noso espazo doméstico interior.

Para algúns a reclusión á que estábamos sometidos era unha oportunidade para evitar que as caras dos amigos e familiares queridos se esvaecesen. Ela dedicouse a cartografar o universo mínimo da casa, un micromundo moi concreto, un hábitat autónomo do que, grazas á súa man, se podían imaxinar moitas cousas que estaban detrás do que se vía. O seu ritual particular tiña moito que ver coa práctica da proxémica; parecía empeñada en estudar o uso que facía do espazo en relación ás cousas que rodeaban o seu corpo, das máis achegadas ás máis afastadas; seica eu pertencía, ultimamente, ás segundas.

Nesa opción de vida enclaustrada en parella, desaparecía a posibilidade dos encontros fortuítos que podían decidir o curso da vida dunha persoa, non sendo a chegada, sen previo aviso, do repartidor das compras online. Esa chegada dalgún pedido insospeitado, sobre todo para min, era sempre unha sorpresa, que de tanto alterar a rutina se acabou integrando na mesma. Tamén era o anuncio da incorporación dalgún novo obxecto á nosa vida.

Ela estaba a desenvolver unha relación máis especial cos obxectos que convivían con nós, e recolocábaos dun xeito moi preciso en sitios concretos, por motivos inescrutables que a min se me escapaban. Atopábaa moitas veces en actitude contemplativa, observando con moito vagar os obxectos cotiáns, como decatándose do fantasmais que podían chegar a ser. (Os obxectos fannos recordar, ás veces dun xeito máis poderoso que os rostros dos que non están, ou mesmo dos que están).

Eu, pola miña parte, era o encargado da práctica semanal dunha actividade coa que recuperei as sensacións que tiña cando viaxaba a lugares afastados. Nese confinamento estaba a redescubrir o pracer da aventura. Producíase na miña planificada saída á compra da semana; esa obrigada incursión de avituallamento ao supermercado que tiñamos preto da casa. Equipado cunhas luvas de nitrilo e máscara facial, acabei por atoparlle o punto a un percorrido breve e intenso polo escenario pos-apocalíptico dunha rúa sen coches e sen apenas xente. Eses “subidóns” de adrenalina non os experimentaba eu nas miñas viaxes na procura de emocións ao estranxeiro.

Se non fose porque a extensa e detallada lista da compra que levaba, lista que sempre repasaba para ver de que non faltasen as mandarinas, a froita preferida dela –podíame esquecer de calquera cousa agás das mandarinas–, se non fose, dicía, que a lista que levaba, imprescindible para a supervivencia, me obrigaba a unha concentración absoluta, os meus pensamentos serían tan interesantes coma os que me asaltaban neses momentos de reflexión que dan tan ben nas fotos de viaxe. Pero alí, de compras, a cousa máis profunda na que pensaba eran as mandarinas. Lembrábanme a ela. Sempre me rogaba coa última mandarina do froiteiro. Daquela eu contestáballe: “é para ti”.

O que si compartiamos era a afección á revisión diaria das estatísticas de mortes e infectados, que se acabaron convertendo nunha historia de ciencia-ficción por entregas, e á degustación de cócteles (non cría que eses dous hábitos estivesen relacionados, pero o caso é que xurdiran ao mesmo tempo). Especializámonos nun cóctel no que concordaban os nosos gustos: o margarita. Nunca antes na vida deramos conta dunha botella de tequila e outra de Cointreau en menos dun mes. O conto non rematou aí. Cando acabamos o tequila seguimos bebendo Cointreau con tónica. Cando se acabou o Cointreau pasamos ao gintónico. Pero a xenebra tampouco durou moito máis. Nese momento decidimos, probablemente por medo a que o confinamento fixera de nós algo irrecoñecible, non repoñer o alcohol. Dende aquela só bebemos tónicas.

Outro ritual compartido eran as chamadas ás nosas respectivas nais. Antes da conversa tíñame que mentalizar para un fenómeno que ultimamente

se daba ao inicio de todas as conversacións con calquera persoa achegada: o fenómeno das preguntas protocolarias. Todo principiaba cun “estás facendo de comer?”, “estás ben?”, para que, sen mediar interrupción ningunha, no outro lado da liña comezasen a expor de contado os seus problemas, degoros ou opinións. Nosas nais eran as únicas persoas ás que lles consentiamos o desafío telefónico. A miña, ás veces, concluía o seu monólogo introspectivo sobre o seu estado fisiolóxico, e a detallada evolución dunhas patoloxías meticulosamente catalogadas, con algunha frase demoledora que me deixaba meditando durante horas. “O meu corpo é un misterio”, soltoume na última chamada, seguido dun silencio melodramático antes de se despedir.

Os nosos rituais propios estaban sometidos a un consentimento tácito. Pero houbo un deles que xerou un malestar, un resentimento, que se espallou por toda a casa coma o síntoma dunha enfermidade agochada: foi o da música clásica que soaba decote. Era o meu refuxio; eu entendía que era o único tipo de música axeitado para unha clausura. Para ela foi unha decisión non consensuada que acabou padecendo como un dano colateral do encerro. Mais non dicía nada. Rodeados de discordias e desacordos, cada un atopaba o seu consolo defensivo nas cousas que máis se axustaban ao seu estado de ánimo. A min a música clásica liberábame desas discordias. Seica a ela non tanto. Un día que ela quixo poñer un tipo de música diferente, eu encabuxeime. (É moi difícil dar creto á realidade da propia intransixencia).

“Ti fas sempre o que che sae da *ghana* e non pensas en ninguén. Pois de agora en diante eu vou *faser* o mesmo”.

Aí, no emprego espontáneo da gheada e o seseo, debín detectar que algo desacostumado se estaba aveciñando. Pero eu, neses días tan propicios, estaba sumido, como diría Cortázar, nas miñas cerimoniais de interior, na procura de seguir intacto para min mesmo. Pensei que o único que había que facer era evitar zonas de incomodidade. Iso debeu pensar ela, porque comezou a pechar a porta do estudio cando a música clásica empezaba a soar. Era unha educada chamada de atención que, dado o meu estado de introversión, non fun quen de apreciar.

O confinamento era unha hibernación que estaba provocando un letargo dos sentidos e que facía sobordar os sentimentos. O único deles que aboiaba era o resentimento. Eramos só dúas persoas, as horas demasiado longas, e o noso espazo habitable cada vez máis apertado. “Algún que outro desacordo é inevitable”, pensaba eu. Sempre confíei nas epifanías que trae consigo calquera encerro prolongado, pero o que estaba conseguindo ata ese momento era evidenciar as miñas teimas máis antipáticas.

A realidade era que viviamos nunha casa sitiada. Os agravios (e as irrelevancias) acumulábanse pouco a pouco dun xeito imperceptible, e

sentimentos como a rabia e a animosidade, que se foran decantando en cada pequeno des-encontro, estaban a piques de ser liberados con todo o poder que outorga ter sufrido o cambio drástico que provocara esa peste na nosa vida. Despois de varios días de silencio absoluto, eses sentimentos mudaron, repentinamente, en palabras. E tal como adoita ocorrer na vida, as palabras decidiron o curso das accións. Despois da calma vén a tormenta; e despois dunha tormenta, o distanciamento.

Durante a discusión dixo que eu tiña cousas que dende o principio non lle gustaran. Non o dixo dunha maneira desagradable (porque ela pode ser coma un toxo, pero non é unha persoa desagradable). Díxoo porque eu pretendía que me explicara o motivo do seu enfado. Non me gustou oír que eu tiña cousas que a enfastiaban. Era desolador oír que determinadas cousas miñas non lle gustaran xamais a alguén a quen eu quería. Tamén ela, por suposto, tiña cousas que a min non me gustaban, por exemplo, a manía de deixar o bote do *Fairy* destapado, pero, se ben eu notara esas cousas, nunca llo dixera dun modo tan terminante e definitivo. Sen embargo, se facía un exercicio de sinceridade, debía recoñecer que, ao fin e ao cabo, pode que eu tivese algúns defectos. O problema era saber cales eran.

Veume á cabeza que quizais eu non me coñecía tan ben como pensaba, e que ela sabía mellor ca min o porqué dalgunhas das miñas reaccións, aínda que cría que eu debería saber todo o que había que saber; de feito, procedía coma se o soubese.

O que si sabía é que eu era propenso á fuxida reflexiva (non falaba abondo, ou cando falaba só me podía estender a propósito de cousas aburridas) e aos silencios en soidade. Non teñen por que ser algo malo, sempre que non ocupen todo o espazo dunha relación. Un deberíase empezar a preocupar por unha relación cando deixa de pensar na outra persoa. O feito máis terrible do fin dunha relación, o máis premonitorio, non era que fose hostil, senón que fose indiferente.

Ás veces tiña medo de que estivésemos tan acostumados a estarmos xuntos que xa non fósemos capaces de notar os momentos de tensión, que xa non nos molestasen os agravios ou as faltas de consideración, que acabásemos sendo cariñosos por esquecemento, por educación, por rutina. Por iso, cada vez que me doía unha discusión con ela, no fondo alegrábame cunha alegría un pouco triste. Quería dicir que os meus sentimentos estaban vivos. Tiña a esperanza de que fose unha sensación compartida.

Nese intre –máis ou menos– decateime de que estaba comendo a derradeira mandarina, a pesar de que non me lembraba de apranala, nin sequera de ter decidido comela.

## A noticia

[Volta ao día de hoxe, pola tarde]

Somos tal como vivimos. E agora vivimos entre a ansiedade e a resignación, esperando ver o noso futuro chegar, un futuro previsible polas estatísticas do día a día e polo que está a suceder noutras partes do mundo. Sabemos que, nestes momentos, o presente doutros lugares está creando o noso futuro.

Ata hai ben pouco estabamos convencidos de que o futuro ía ser unha plácida continuación do presente. Pertencemos a unha xeración privilexiada que nunca sufriu unha guerra, unha fame negra ou unha epidemia bíblica. Ata que chegou esta peste, só nos enfrontáramos á ameaza de morte violenta –sempre de alguén que non era dos nosos– a través dos *mass media*. Pero a min, despois da arrouxada de onte, o único que me preocupa é a nosa separación. Como nos puidemos distanciar tanto en tan pouco espazo? Habería que consultar a teoría da relatividade.

Creo que necesitamos poder saír fóra. E axiña. Porque elixir non saír e non o poder facer son cousas ben diferentes. Porque, mentres non sexa miña a decisión de non saír, temo seguir habitando a casa coma un náufrago, transmitindo algo que se pode confundir co aburrimiento. E o aburrimiento é o caldo de cultivo perfecto para os temores que conviven co tedio e coa convicción de que temos que vivir experiencias emocionantes –a ser posible acotío– para ser felices.

“E ti non te aburres?”, pregúntanme moito, non sei por que. Eu non me aburro nunca. A miña mente, constantemente ocupada, non mo permite. Pero ese bulebulé mental afástame dos demais. Se cadra non caio no aburrimiento, pero si podoo caer na falta de curiosidade, na indiferenza polo que lle sucede (e pensa) á xente que teño máis preto. É outro xeito de chegar ao tedio.

É daquela, co tedio, cando ocorren os desarranxos que de verdade desequilibran unha relación. Porque despois do tedio vén o medo ao que virá. E eu non quero que o medo decida por nós. Non quero que a consecuencia desta peste sexa o que algo alleo a nós elixiu.

...

Acaban de dar a noticia.

Mañá, con moitas restricións, o goberno vai permitir saír á rúa. Mirámonos aos ollos por primeira vez en moito tempo. Non nos fai falla falar: “nós quedaremos na casa un pouco máis”, pensamos ao unísono; ámbolos dous somos persoas prudentes. Mais as boas novas non rematan co anuncio do Goberno: despois de meses de chuvia e frío a meteoroloxía vai cambiar. Para




demostralo, o día empeza a clarear e soben as temperaturas. Decidimos, xa que logo, saír xuntos –tamén por primeira vez– á terraza. Na terraza o sol dá de medio lado; suficiente. Despois de todos estes meses, o que máis nos sorprende é o aumento dos distintos tipos de ruídos. Aqueles sons que damos recoñecido parecen, ademais, soar diferentes. Aquí na nosa terraza empezo a botar de menos xestos antropolóxicos sinxelos, como sentar a carón dela nun banco da rúa e mirar a xente pasar.


Refresca. Entramos na casa. As cousas non son coma antes. Nin falta que fai.

Hoxe á tardiña, sen mediar palabra, compartimos un dos baños dun xeito inconsciente, coa naturalidade de outrora. Pola noite, mentres preparamos a cea entre os dous, escoitamos *No puedo vivir sin ti*.

“Creo que aínda queda unha mandarina no froiteiro”.

“Pero que bobo es!”





### Ondas do mar

—As pegadas bórranse coa forza da auga. Nada prevalece. Quizás a praia que agora estamos pisando deixará de existir. Algún día, eu tampouco estarei aquí. A todos nos toca a hora de ser esquecidos polo tempo e convertermos nun gran máis dun eterno deserto —dixeches mentres paseabamos pola praia collidos da man. Os nenos corrían detrás das gaiivotas, pero para min só existías ti.

—Pero hai cousas que xamais desaparecerán, non? —pregunteiche inocentemente cun sorriso. Noto como o mar se afunde no afastado horizonte, pintando todo dun azul espléndido e perfecto.

Paras un intre para pensar mentres seguimos deixando o noso rastro pola area da praia. Ti non tardas demasiado en responder cunhas palabras que nunca serei capaz de esquecer:

—Non, dende logo que non. Mira o chan que te arrodea e verás sendeiros de pegadas que algún día serán tapados por outros pés ou polas ondas. Uns tardan máis e outros menos, pero todos seremos borrados da face da Terra —naquel momento non sabía que dicir. As palabras amontoábanse na miña mente mentres ti observabas a miña expresión de fascinación—. Recorda estas palabras por sempre: máis tarde ou máis pronto, todo se perde nas profundidades do esquecemento. Nada nin ninguén pode vencer ao tempo.

Agora estou aquí, mais ti non estás. Xa pasaron tres anos dende aquilo e camiño solitario acompañado polas gaiivotas que sobrevoan a ría e parecen mofarse da miña desgraza. A forte brisa mariña despeitea o meu cabelo. O mesmo horizonte que antes era un azul reluciente, agora é un fondo gris que parece terme encerrado. Todo o que antes era infinito era, en realidade, unha impresión falsa que pensaba erroneamente que duraría por sempre.

Como desexaría que estiveses aquí. O cruel destino fixo que as nosas almas perdidas se xuntasen para finalmente separarnos da maneira máis miserable posible. Agora soamente teño recordos duns vellos tempos que xamais volverán. Recordos deformados co tempo e que algún día serán esquecidos coma aquelas pegadas na area.

Ás veces, esperto na nosa cama e por un intre logro ver o teu sorriso espertándome, pero todo é unha ilusión. Un espellismo de soños que me

afasta da realidade, mergullándome nun mar de mentiras que nalgún tempo foron reais.

Xiro a cabeza e visualizo unha figura ao lonxe e, por un momento, penso que es ti. A muller observa o mar coma quen mira a un vello amigo mentres se dirixe á miña posición. Os meus pasos firmes e as súas zancadas torpes acércanse ata que nos topamos un nos brazos do outro para fundirnos nunha aperta que me ulía a ti.

—Claudia... Como fuches capaz de atoparme? —pregunteille a túa nai. Dende a túa partida, estaba cada vez máis envellecida. Ela notaba como o paso do tempo avanzaba atropelando aos que quedaban atrás, incapaces de continuar.

—Recordo ir aquí cando ela era unha rapaza e agora visítoa case todos os días —dixo coa voz calmada que a caracteriza. Sempre falaba pausadamente e cun fermoso ton de voz—. Daquela aínda podía collela coas miñas mans e levatala ata o ceo. Naqueles momentos de lecer, sentíame infinita. Nesta praia habitan os meus mellores recordos.

—As persoas temos unha obsesión co pasado. Fuximos do presente mundano para volver a recordos felices do pasado —dixen, recordando unha das túas ensinanzas—. Algunhas veces os recordos son pasados inexistentes —agáchome e collo unha pedra do chan. É negra, plana, perfecta para facela rebotar pola auga como faciamos hai tanto tempo atrás. Obsérvoa e gárdoa no peto do pantalón—. Recordos dunha vida que non é a nosa. Soños irrealis dun tempo onde pensamos que todo é mellor que o presente que vivimos.

—Pero temos razóns para desexar volver aos vellos tempos —comenta, colléndome do brazo para darlle apoio ao camiñar—. Recordo con certeza a miña infancia na ditadura. Recordos en branco e negro que se perden co tempo. Miro para os recordos da miña infancia e penso en todo o tempo que pasou e parece pouco —miro os seus pés movérense torpes sobre a area. Parecen cansos de vivir. Teñen marcas de teren percorrido centos de quilómetros. A súa voz, chea do saber de toda unha vida, parece que xa falou de todo—. Recordo cando chegou a primeira televisión á miña casa. Dun principio pensei que era un ladrillo moi caro, pero cando a luz se acendeu e iluminou os meus ollos, quedei prendida daquel aparello máxico. Agora, é raro o que non ten televisor na casa. Daría o que fose por volver a ser aquela nena de trenzas rubias e dez anos que sopraba as velas daquela vella foto.

—O máis duro é seguir adiante —paro un intre, deixando que a miña vista se dirixa ao mar onde adoitabas bañarte—. Seguir adiante. Coma se nada pasase. Coma se non perdeses á mellor persoa que coñeciches en toda a túa vida. Como se pode sentir alguén cando esperta e se dá conta de que está só no mundo?

—Eu, que xa teño os meus anos —para un intre para tragar saliva, noto que coa idade custa máis facer este sinxelo hábito humano—, recordo un dos meus primeiros funerais —sinto como a súa vista non se atopa na praia. Trata de recordar aquela igrexa do seu pobo, situarse nas imaxes gravadas polos seus ollos para revivir aquela vivencia—. Era un compañeiro da escola. Todos estaban a chorar e eu non entendía o porqué. Eu era unha moza feliz e inconsciente dunha realidade que a todos nos toca pasar. E no funeral de Greta todos choraban, menos un neno que observaba confuso aos seus pais.

—Cando es pequeno todo é un mundo por descubrir —dixen, sen poder evitar que me escapase un sorriso, mentres me trasladaba a eses momentos da nenez dos que ti eras coprotagonista—. Por iso sempre desexaría volver a ser un neno unha vez máis. Regresar a unha vida onde a maior das miñas preocupacións era xogar no patio do colexio. Reconstruír aquel momento no que a vin por primeira vez e souben que ela ocuparía un lugar especial na miña vida.

—A Greta sempre lle gustou o mar —comentou, mentres unha bagoa fluía polo seu rostro, parándose en cada engurra que atopaba—. Cando naceu, vin os seus ollos azuis e xa souben como chamala. “Greta” significa “perla mariña” en hebreo.

—E non te equivocaches. Para o mar naceu e nel morreu. Irónico, pero ao destino gústalle crear dobres sentidos. Mira, Claudia... Xa vai un ano da morte de Greta, mais ás veces paréceme vela por todos os lados. Na cama, na casa ou mesmo pola rúa. No reflexo dos espellos e no máis profundo dos meus soños. A súa voz espértame polas noites e faimo mirar á metade fría e baleira do colchón.

—É normal que suceda todo isto —noto como baixa lentamente, para finalmente sentarse no chan. Déixome caer na area e colócome ao seu lado—. Ninguén esperaba que o barco acabase no fondo do mar. Sempre sentín un pouco de perigo polo risco do seu traballo. Ser pescadora non é un traballo doado. Supoño que é o destino da miña familia —cala un intre e suspira lentamente, soltando a dor que a consome—. Todos mariñeiros destinados a cabalgar as ondas. E tocoulle o mesmo destino que ao seu pai: afundir no mar e xamais ser encontrada. Soamente nos toca chorar unha tumba baleira.

—Ela aínda era unha nena cando Adrián morreu. Tiñamos uns doce anos cando ocorreu —murmurei reflexivo mentres ela observaba entristecida a area.

—Dende entón tiven que coidar a tres fillos eu soa co pouco que tiñamos —queda mirando fixamente o meu rostro cos mesmos ollos azuis que Greta herdou—. Trataba de vivir co pouco que gañaba e coas doazóns da confraría por viúva de mariñeiro. Sempre era a última en comer e moitas veces quedaba coa fame, mais moitas noites choraba ante a incapacidade de darlles unha mellor vida.

—O teu esforzo viuse recompensado. Os tres saíron adiante a pesar das circunstancias. Greta falábame moito dos esforzos que facías por eles e sempre che estarán agradecidos.

Entre nós construíuse un silencio que ninguén quería romper. Pasamos uns minutos sen dicir nada mirando o mesmo mar que nos roubou ás persoas que máis queríamos ata que finalmente me dispuxen a falar:

—Aínda recordo o día antes da súa marcha —cústame vocalizar. Noto como as palabras se resisten a saír dos meus labios. Revivo a escena daquela mañá cotiá, onde ti partías para xamais volver—. Tomabamos o café coma se nada fose pasar nas seguintes horas. Mirámonos aos ollos en silencio, sen necesidade de dicir nada para expresar o noso amor. Podía ver como o azul dos seus ollos brillaba de pracer. Todos eses momentos... tan máxicos e increíbles. Non sabía que aquel sería o último e espero non esquecelo nunca.

—Todos eses recordos perderanse coma lágrimas nun mar infinito. Estamos condenados a ser esquecidos, da mesma maneira que nós esquecemos a outros. Todos seremos borrados sen deixar ningún rastro. Eu tamén me irei e xamais volverei. Ese é o destino de todo ser humano. Vivimos a ilusión de que a vida é longa, pero non deixa de ser iso...

—Unha ilusión —respondín coa mirada triste, melancólica e que rememora tempos pasados. Recordos dun pasado mellor ca o presente no que estou atrapado.

—Ela queríate de verdade —di mentres se levanta lentamente do chan, apoiándose coa súa engurrada e debilitada man no meu ombro—. Para min sempre fuches coma un fillo dende ben cativo, sempre xogando pola casa. Xa é tarde e non son horas para unha vella coma min. Acepta un último consello dunha viúva do mar: non deixes que a dor consuma o teu corpo. Acepta a realidade de que ela non volverá, pero recorda que sempre terás a miña axuda para o que necesites.

E con estas palabras, comeza a camiñar, afastándose de min sen mirar atrás. Eu quedo hipnotizado mirando o mar azul coma os teus ollos e pensando naquel sorriso de perlas. Non sabería dicir canto tempo pasei na praia, pero, cando o Sol se deitou máis alá do que eu era capaz de ver e a escuridade xa dominaba o ceo, levanteime do chan co cu cheo de area e camiñei coa mirada fixada no mar. Nalgún lado destas augas estaría o teu corpo, esperando ser salvado e xamais esquecido.

Meto a man no peto do pantalón e atopo aquela pedra ennegrecida perfecta para rebotar na auga. Acércome cada vez máis a beira, onde as ondas golpean con contundencia as rochas ata que pasen a ser grans de area. Palpo cada centímetro da pequena rocha, mentres recordo cando eramos nenos que soñaban con convertérense en adultos.

Era unha noite moito máis clara que a de hoxe, nesta mesma praia. Gritabamos e saltabamos, pensando que aínda quedaba moita vida por diante e que os problemas aínda estaban lonxe. Colliamos pedras para competir por quen chegaba máis lonxe e deixaba unha estela máis fermosa. Ti sempre gañabas e nunca me chegaches a contar o teu truco para facelas rebotar tan ben. Dicías que o noventa por cento era cariño e só o dez por cento forza, pero eu nunca o comprendín.

Preparo a miña man para lanzar a pedra coma naqueles tempos xa perdidos. Non podo evitar que unha cadea de bágoas percorra o meu rostro. O meu brazo dereito carga a forza xusta e necesaria para o lanzamento e, cando solto a pedra, noto como voa en dirección ao mar e rebota contra as ondas, debuxando aquela fermosa estela.

Nese momento, aínda son capaz de ver as fogueiras de San Xoán e os fogos de artificio alzándose ante os meus ollos. Recordos do pasado e que parecen doutra vida. E noto como estás ao meu lado, a un palmo de distancia dos meus labios. As nosas miradas fúndense nunha soa e cando os nosos labios se xuntan nun bico, xa non estás aquí e nunca volverás.

Miro ao mar, pero soamente quedan os restos da cabrilla que lentamente morren na auga sen que eu poida facer nada para evitalo. Algún día tampouco quedará nada de min e tamén serei borrado polo tempo. Desaparecerei do mundo coma esta estela. Soamente quedarán as ondas do mar.



### Colección de corazóns

Sentir o seu peso na man, o seu peso frío e metálico, mentres o temporal me batuxa as entrañas. A sorte xa está botada, a aldraxe fixo de min tamén unha persoa DESAPIADADA.

Cando era pequerrecha era coma ti ou coma calquera, de poucas palabras, porque o demiúrgo fíxome curiosa e non podía perder o tempo en paroladas inútiles. O psicólogo dicíalle á mamá que o que eu tiña era un cerebro demasiado rápido comparado co resto dos mortais, cunha SENSIBILIDADE SUPERIOR á de todo o mundo e por iso ía tardar un cacho en falar ou, se cadra, non era capaz de explicarme como o resto dos conxéneres quererían. Segundo fun crescendo, os compañeiros e compañeiras de colexio resolveron que o mellor sería terme apartada, por rariña, por parada; o profesor decidiu que o meu carácter era irreverente e que igual era máis adecuado que a mamá buscase un centro mellor para min. Que tipo de nena non se inmutaba ante os castigos? Ante as reprimendas?

—É unha nena que me desconcerta, señora Casandra. Queda coa ollada prendida do horizonte, tras da fiestra e, en plenas explicacións, fala a voz en grito de cousas que non teñen que ver co que estamos dicindo —expoñía o mestre.

A mamá non sabía que facer, MIRÁBAME CON MÁGOA. As moitas horas que facía na conserva non chegaban para un colexio especial, porque se algo tiña ela claro é que eu era especial. Nun principio, o resto das crianzas ollábanme con curiosa superioridade, como facían os belgas naqueles zoolóxicos humanos que en pleno século XX rolaban por Europa. Logo viñeron os golpes, un día un pequeno lapote, outro día unha cambadela, para rematar por guindarme entre todos por unha pequena pendente chea de silveiras e toxos. Aquel día, a mamá decidiu que non volvería á escola. O MUNDO ERA DEMASIADO CRUEL PARA MIN. O psicólogo recomendoume que escribise cada cousa que me acontecía nun fermoso diario de veludo vermello que me regalou, e dende aquela a escrita volveuse algo obsesivo, ao igual que recoller animais mortos da contorna.

O primeiro foi un reiseñor que batera contra a ventá dun coche, xusto a carón da panadaría, e non puideron facer outra cousa que collelo e traelo para a casa, antes de atravesar o cancelo da entrada atopei un pequeno cristal e, como vin que por máis que lle insuflase aire polo peteiro o animalíño

non revivía, decidín pescudar a ver se a maquinaria cardíaca aínda funcionaba. Abrino en canal co gume transparente e aquel corazónciño inda estaba quente. O pan chegou dúas horas tarde, cando a mamá veu buscar pola filliña, e o único que atopou foi un molete cor escarlata cunha presada de plumas adheridas. Gritou espantada, guindou o paxariño máis aló dos hibiscos e tirou do meu brazo ata case desgarrarmo. Pero na man aínda quedaba aquel feble e morno corazón, que sería o primeiro da colección.

Cando tiven idade para ir soa á biblioteca xa non me escolleron máis os libros, podía mergullarme naquelas páxinas que me falaban dun mundo curioso sen que ninguén me observase polas costas, algo que sempre me arrepiou, que fai que se me acelere o pulso, se me anubre a vista e me custe respirar. NON ME GUSTA SENTIRME OBSERVADA. E si, mergullei nos libros de anatomía, e debuxei todos aqueles animais que apareceron mortos ao longo dos anos, pero EU NUNCA LLES ARREBATEI A VIDA, como podería facer semellante crueldade.

Hai uns días coñecín a alguén que con só mirarme me comprendía, á que eu mesma comprendía sen ter nunca antes cruzado unha palabra con ela. Estaba anicada na beirarrúa, a carón dun gato atropelado, non ría, non choraba, pero a pena reptáballe por dentro, non había máis que fixarse en como as carótides lle batían no pescozo. Agarreina polos pulsos e no xardín do lado escañamos coas unllas unha cova no útero quente de Gaia, a que amansa a dor. Cando o animalíño quedou adormecido no substrato non sei se foi ela, se fun eu, ou se fomos as dúas as que nos bicamos, nos beizos, un instante estraño.

Cando nos reviramos había catro veciños achegándose cara a nós e sorrindo, pero o seu sorriso era deses que anticipan a morte. O último que escoitei foi: Por riba de tola e rara, tortilleira!!! Cando espertei, aínda estaba tirada sobre o ordinario lousado da beirarrúa na que nos coñeceramos. Ela non respiraba, o corazón xa non lle batía no peito, e o meu coido que tampouco volverá bater, pero antes, quedame unha sístole e unha diástole que farán estourar o mundo.

Nunca lle puxen nome ás miñas emocións, non fun quen, hoxe aprendín o significado dunha palabra que non era nada para min, a VINGANZA. E na man pésame o frío da navalla. Sei onde viven, e hoxe...

Pois é curioso, por dentro son os catro iguais que calquera ser humano, pero ten que haber algo raro, algo ten que fallar nos seus mecanismos, as engrenaxes deben estar mal conectadas. Os corazóns son máis ou menos dun mesmo tamaño, os cerebros aparentemente tamén, pero... Xa sei, a pleura que recobre os órganos por dentro é coma a das pescadas, negra, abisal, mefistofélica.

## Xavier Queipo

### O amante sufí (Conto imperfecto)

*This dance is the joy of existence*

RUMI

#### Advertencia inicial

Un nunca sabe onde comezan as casualidades e onde principia o destino marcado. Para iso, para ter unha certeza, hai que acreditar no destino gravado nos xenes ou na fortuna familiar, que non é o caso do que conta esta historia. Saiban pois, dende o inicio, que o narrador considera as casualidades, o acaso, senón o motor das nosas vidas, o que sería, de certo, moito aventurar, si cando menos o manubrio das agullas, que pode facer mudar de vía o rumbo da nosa evolución persoal. Hai casos abondo para sustentar esta opinión e tamén, enténdase, para soster a contraria. Non será pois o narrador quen pretenda establecer regras ou normas universais. A esencia da vida está na diferenza e, se puidese ir máis alá, na complementariedade, e para iso non hai senón que estudar xenética e daquela todo isto enténdese mellor, con certeza.

#### Pequena introdución ambiental

Quixo a casualidade que Raúl se encontrase na cidade sueca de Gotheborg, como observador —ocupación incerta— nunha feira do libro. Xa por alí pasara noutras ocasións, con variadas funcións de traballador asalariado, mais levado pola rixidez dos horarios de traballo non tivera tempo abondo para visitar a cidade nin de día nin de noite. Esta vez tampouco andaba moi sobrado de tempo, mais logo de rematar as súas intervencións aquel sábado pola mañá tiña toda a tarde libre e non regresaba a Barcelona até o día seguinte, domingo, e iso xa ben entrada a tarde.

Armado dunha pequena cámara de peto e dunha gravadora de sons (sempre necesaria para anotar experiencias e debilidades diversas), e arroupado cunha bufanda de cores e cun gabán impermeábel (precaucións a proba de auga necesarias baixo aquel ceo gris marengo, que ameazaba chuvia),

Raúl saíu do hotel Scandian, tirou do peto un mapa da cidade no que anotara varios enderezos de visitas posibles e comezou a camiñar seguindo un percorrido aproximativo (o que adoita ser máis revelador que seguir un traxecto marcado e ríxido seguindo as indicacións do teléfono móbil, aínda que, para isto, hai gustos e non certezas). Para ese empeño o primeiro foi definir as coordenadas (onde o norte, de onde chegaría o vento e o frío, onde o sur, de onde chegaría a chuva; onde o leste e mais o oeste para medir a hora do día de xeito aproximado e intuitivo), fixalas no mapa e, levado pola orientación aproximativa (un instinto), dirixirse ao sur—surleste con destino ao museo de cámaras fotográficas Hasselblad. De seguro que non se escribe así, ou se cadra si e a memoria xogou con cartas marcadas, mais eu non estou aquí nin para facer propaganda —non me pagan para iso— nin para procurar en internet —ocupación ociosa, útil ou innecesaria dependendo do momento—, nin tan sequera para procurar a perfección —esa manifestación clínica da manía— nesta narración diferida que é, por definición canónica, imperfecta.

*[Daríanse de conta —lectores ilustrados— que mudou o narrador. Foi de xeito propositado, cando o narrador se deu conta de que non había nada que ocultar, que pór en terceira persoa, cando Raúl —nome ficticio, xa entenden— deixou de ser unha coartada e se converteu nunha pantasma, en alguén irreal que non podería ser suxeito dunha historia, cando o narrador se deu de conta, no seu delirio de escrita, que mellor deixar caer a máscara e contar o que quere que os seus lectores pensen que lle aconteceu en Göteborg e deixarse de andrómenas. Daríanse de conta e algúns racharán as vestiduras —rememorando a primeira reacción de Xob cando sobre el baixaron as mil desgrazas— e outros deixarán de ler de contado, coidando en pensar, con maldade non disimulada, que o narrador perdeu o rumbo e xa non sabe por onde saír, que mudou de persoa de xeito non propositado e, therefore, é un chaíña da peor especie negando a maior, pois non existen chaíñas da mellor especie.]*

## A noite que chega de súpeto

Finais de setembro. O verán no Báltico daba paso, paseniño, a uns días máis curtos e a unha meteoroloxía menos agradábel. A xente ía arroupada con tapabocas e gabáns, con puchos de cores e botas de coiro volto. O sol lucía aínda no seu declíneo, reflectíndose nos canais e nas fachadas de vidro. Os tranvías azuis atravesaban a cidade sen estrondo, marcando territorios, delimitando lindes e competindo cun tráfico fluído, inzado de bicicletas e viandantes. Familias enteiras indo e vindo polas avenidas, grupos de mozos de etnia única, como se a mestura dos alí nados e aqueles que chegaran doutras terras constituíse un tabú social, unha imposibilidade ambiental, unha

norma non escrita de non mestura (non de exclusión aberta, mais si de non mestura), como se a amalgama estivese prohibida agás na propaganda oficial, que, por descontado, falaba de integración e de multiculturalidade, da realidade mudábel do mundo e da harmonía de razas e de crenzas, de costumes e tribos. Se cadra son inxusto con esta sociedade como sempre acontece cando se fai unha avaliación superficial asemade resultado dunha observación puntual, mais a idea foi corroborada onte mesmo na propia feira, cando un grupo racista plantou o seu *stand* de publicacións xenófobas e coexistiron cos outros cidadáns en harmonía perfecta.

Mentres avanzaba camiñando cara ao centro os meus ollos cruzaron uns ollos ultramarinos, profundos, enmarcados por unhas cellas negras perfectamente perfiladas. Son moi sensíbel aos contrastes cromáticos e, daquela, o meu abraio non debeu deixar indiferente a aquel home lanzal, de cabelos revoltos e arroupado cun abrigo gris, que lle viña algo escaso. Devolveu a ollada —magnífica— e seguiu camiñado. Sentín un impulso e virei o rostro para comprobar —en éxtase— que el fixera o mesmo e agora o seu sorriso inundaba o horizonte próximo e eu non tiña ollos que para os seus ollos azul ultramarino.

## Digresión necesaria

O parágrafo anterior soa afectado, seino, enténdase, pois mentres o estaba escribindo podía borrarlo —aínda podoo— con só facer unha manobra con dúas teclas do ordenador, apoiar nunha e dar un golpe de barra que delimita espazos, mais non quixen nin quero borrarlo, non desexo perder ese momento sublime da lembranza, non quero que pareza que estou esaxerando, ou inventando se cadra, ou tal vez exercendo a autocensura para que non digan, para que non pensen, para que non xulguen, para que non se fagan unha idea monolítica (única e sólida) e xa despois non queiran modificala nunca máis. Tanto me ten se soa relambido ou non, sentino como aquí se conta, como foi escrito, con abraio e excitación crecentes.

## A danza do dervixe xiróvago

Logo dun café e un anaco de torta de ruibarbo —algunhas confidencias, varias medias verdades, un rozar de mans e xeonllos por debaixo da táboa— saímos á noite fría camiño do hotel Scandia. El vivía lonxe e tiña que chamar para dicir que pasaría a noite fóra —era fin de semana e daquela nin obrigas

nin escándalo— eu (Raúl, esquézanse xa de Raúl) non tiña outra angueira que regresar ao hotel —máis cedo que tarde, hei confesar— para pasear a lingua ansiosa por todos os pregues do seu corpo. Xa vai sendo tempo que lle poña nome, non se pode falar dun obxecto do desexo sen nome, aínda que o nome sexa unha outra ficción sobre a ficción ou unha outra constatación, da realidade sobre a realidade.

Desviámonos para o parque (vexan que non dou o nome certo do parque, se cadra nunca estiven en Göteborg e simplemente escollín ese lugar por azar, outra vez o azar). Ben, en realidade foi el... (teño que poñerlle un nome, lembren, mais todo chegará. O nome non é necesario até o éxtase e ás veces nin tan sequera nese momento). El afastouse unha chisca e no medio dunha pequena illa verde, do lado do estanque púxose a xirar a velocidade crecente, como eu vira facer aos dervixes xiróvagos nunha noite sufí. Foi unha sorpresa, unha faia de Santo André, se cadra, naquel universo en expansión, unha acción inesperada e, por tanto, sorprendente. Fiquei pampo. Mentres, el daba voltas e máis voltas nun frenesí xiratorio, nunha danza alucinada. Non podo dicir canto durou aquela fantasía (Raúl non podería dicilo tampouco, Raúl non existe), o que sei é que incrementou de xeito exponencial o meu desexo, e, ao mesmo tempo, calmou o meu ardor. Contraditorio, seino, mais xa non quería —xa nunca queredría— outra cousa que xirar ao unísono con el (chamareino Ismael, provisionalmente chamareino Ismael).

## Versos e libacións

Cando entramos no cuarto do hotel, prendín o ordenador e procurei ao chou unha emisora de jazz alternativo. Soaba o ruído do mar nunha emisora xaponesa (Radio Hayama, non sei porque o lembro con tanta nitidez, se cadra porque a estea escoitando agora, mentres isto escribo, e daquela outra trampa, outro recurso desvendado, outra revelación do anecdótico para lle dar verosmellanza ao fulcral, sen que se entenda moi ben porque a realidade vivida é máis importante como anécdota que como realidade). Soaba só o ruído do mar co seu aquel cíclico e pausado dos días de calma e beiramar, cando as ondas rachan o silencio cun embate suave sobre o areal.

Chega dun recuncho da memoria —da de Ismael— a citación dun verso de Rumi: *Being a teacher is a form of desire, a lightning flash*. Daquela retomamos a conversa onde a deixáramos diante da torta de ruibarbo (lembran? Si, cando as mans se entrelazaban debaixo da táboa e os xeonllos experimentaban unha sensación de corrente alterna, que medraba pola coxas, antes non o dixen mais era así mesmo como agora o conto). Deixamos os gabáns e os

zapatos no limiar do cuarto. Sentamos no borde do leito. O recendo de rui-barbo mesturábase co ruído das ondas e a corrente ascendía agora outra vez mentres nós aprendíamos un do outro —*being a teacher is a form of desire*— as inquedanzas dos corpos e como dominadas. Abrimos unha botella minúscula do minibar —xa non lembro se de ron ou de xenebra, memoria fráxil compensada pola ficción, ou se cadra ficción incompleta recreada na desmemoria— e permitímonos un par de grolíños cada un, coma se fósomos paxariños libando nunha pucharca. [Isto quedou máis relambido aínda que a media, penso eu, mais como imaxe de dous seres desnortados e tímidos non está tan mal ou, mellor dito podía, ser peor.]

A noite foise facendo vella entre versos, cánticos e libacións. Xa somos tres: a lúa asomou por entre os vidros da fiestra asolagando a estancia co seu reflexo de lume azul. A lúa acariña os nosos corpos mentres agarimamos o seu reflexo na pel do outro. Os corpos, bébedos de desexo van pedindo desprenderse das roupas, deixar atrás as restricións e xa somos cada un mestre do outro, expresando o noso desexo en treboadas de agarimos, en refoleadas de bicos engarzados, en enxurradas de fluídos do máis variado sabor. Podería ser distinto, máis explícito ou máis descritivo, máis secuencial ou, se cadra, menos vulgar, mais foi así até que Ismael preguntou: “Podo bisbar no teu ouvido un soño que tiveren?” E eu dixen que si, e aquel soño era que el encontraba un príncipe de ollos castaños e nunha praia afastada se escoitaba a música das ondas e a xerfa do mar —co seu aquel cíclico e cansado, *of course*— e os dous corpos xiraban até que se desvanecían convertidos en po de estrelas.

Ao pouco xa estabamos adurmiñados co son do mar como canción de berce, agarimándonos de xeito inconsciente, bicándonos sen rozar os beizos, premendo e apertando de xeito automático e constante.

## Acordar

Acordei coa cantilena dun muecín dixital que chamaba á oración. Era un soño no medio do acordar pausado. Estriquei unha man e despois a outra a xeito de apalpador experimentado. Estaba só. Ismael tiña liscado sen eu me dar de conta. Tiña entrado e saído da miña vida durante unhas horas (se cadra tamén por un momento da vida de Raúl, se existise). Agora o son distante dunha música de jazz, Blossom Dearie entoando *so embraceable you*, eu palpando o baleiro, abrindo os ollos, sentíndome só mentres o teito xiraba e eu sentíame un dervixe xiróvago suspendido no baleiro, abrindo os ollos, escoitando a Blossom Dearie *so embraceable you* e as treboadas de agarimos, as

enxurradas de fluídos, as refoleadas de bicos engarzados xirando arredor de min, no meu interior, no centro de gravidade que se marcaba agora entre o cardias e o interior do espóndilo e a luz que entraba pola fiestra aberta ao sol desta mañá fría e solleira en Goteborgh, onde definitivamente nunca estiven.

### **Advertencia final**

Chámeno Ismael se así o desexan, como o mariño de *Moby Dick*, como o príncipe árabe, como o home dos ollos azuis que crucei nunha rúa dunha cidade onde nunca estiven. Chámeno soño, alucinación, lembranza inventada, cortocircuíto da memoria. Chámeno como queiran e sintan o abraio de pensar que un nunca sabe onde comezan as casualidades e onde principia o destino marcado. Para iso, para ter unha certeza, hai que acreditar no destino que non é o caso do que conta esta historia imperfecta.





**VOCES DE FÓRA**

**DOOR**  
**NOVA**



# A poesía escríbese sen tempo

CARLOS LEMA

Partimos dunha premisa certa: o tempo non existe. Ou o que vén ser o mesmo, o que existe é unha temporalidade liberada da necesidade. O que a poesía afirma, o que a poesía converte en algo firme, é que o tempo non é necesario. A existencia do mundo non depende do tempo. As cousas do mundo, entre elas a poesía, existen sen tempo.

Como demostra a ancestralidade, ese tempo ancestral anterior á existencia do tempo humano, nesa temporalidade inexistente, prescindir do tempo significa prescindir da súa necesidade.

Se prescindimos da idea de necesidade do tempo, desaparece o tempo inabrangüible, desaparece o tempo como economía (orde e salvación) e aparece a vida humana como o que é, representación. Esa reificación da vida como representación non a degrada, todo o contrario, sitúaa no mundo sen necesidade dun senso extramundano, sen necesidade de transcendencia. Velaí as cousas e, entre elas, os poemas como cousas.

Desde estes poemas emparellados nos que Yeats continúa a Arnold, Glück a Keats e Auden se prolonga a si mesmo, se cadra xa se pode albiscar ese tempo do ancestral, o tempo da materia, no que a consciencia humana está inmersa mais que esa consciencia, na súa relación co mundo, aínda non é quen de apreixar.

\*

Esa falta de necesidade do tempo sitúa o poeta e a poeta —a Keats, a Arnold, a Yeats, a Auden e a Glück— perante a consistente realidade de algo incognoscible mais si representable: o feito de que a existencia da humanidade, a súa propia existencia como seres humanos, como suxeitos, non sexa necesaria para que o mundo exista. Velaí a “lei oculta” de Auden ou, a diferenza do poema de Glück, a temporalidade cíclica, o “sempre” (aquel *aión* dos gregos arcaicos), da oda “Ao outono” de Keats, e tamén ese “algo temos que inda nos excita”, o panteísmo nacionalista e a obsesión psiconáutica de Yeats.

No poema de Arnold, o son dos seixos da praia de Dover e o mar, ese *okeanos* de Sófocles que na nosa tradución achegamos ao “mar ao norde” de Cunqueiro, vén dar literalmente no tempo non necesario da ancestralidade que a poesía, sen razón, amosa que existe e que a razón —a nosa experiencia do mundo— pode representar.

A poesía escríbese sen tempo. Sen razón mais empregando a razón. Saber isto é a condición necesaria para ser poeta (non para escribir poemas).

Esta afectación é a afectación presente constantemente na escritura poética. Quen escribe poesía é un “afectado”, sofre unha afección mais, ¿pódese tratar dunha afectación ficticia?

O ficticio pódese medir, hai un *quantum*: un máis ou un menos, mentres que a afección pura é simple continxencia, iso que ás veces chamamos beleza. A beleza aparece, nunca “parece”, precisamente porque é unha afectación inxel: sitúanos perante o continxente e anula o tempo como devir, o tempo humano. A beleza é a aparición do tempo ancestral da materia no mundo. Algo que podemos apreixar mais non medir; logo algo sen tempo.

A afectación é, daquela, un xesto indispensable no repertorio do e da poeta: a retórica, ou a literalidade. A codia das letras. Por unha vez, o *kósmos aisthetós* faise máis consistente ca o *kósmos noetós*. Keats, na súa correspondencia, intentando definir como se chega a dar o suceso en poesía, escribía que o poema logrado alenta, é natural coma o sol e as árbores. O natural en poesía é a afectación do afectado. Unha monstruosidade.

Por iso, ás veces, coma no caso de Glück, o estilo ten unha dificultade engadida pois debe soar igual de “natural” ca unha conversa. Ademais, a afectación de Glück consiste en rachar o discurso poético con discronías nas que irrompe a vida cotiá, como ir facer a compra, de tal xeito que con referencias temporais e alusións a estilos afastados crea unha continuidade enganosa que resulta difícil de disimular na continuidade do poema. Unir nun mesmo poema o ton de parábola a outro de confianza é un dos seus achados; a discronía entre tempo da escritura e tempo do asunto fai que, ao quedar ao ventimperio, o mecanismo compositivo sexa moito máis atraente. É o que pasa cos epitafios, o seu patetismo é maior porque deixan á vista esa discronía: unha especie de metempsicose pola que o morto volve a través de quen le as palabras escritas na súa campa. A lectura discrónica pon o ido a carón do actual. Tamén prescinde do tempo.

Así, o optimismo natural da poética de Keats vólvese nihilismo, consunción pura, na obra de Glück, na que a poeta se consume a si mesma. A consunción é a forma tardomoderna da representación. A artista reifícase na obra para, ao final, só deixar ese rastro de si; de aí que a literalidade pase da representación mediada do que o artista, ao xeito de Keats, considera natural, a unha representación inmediata na que a poeta deixa un residuo, un material inquietante co que pretende consumir o propio temor ao avellentamento, á maternidade e á sensualidade. A consunción é a afectación da afectada que nunca se acaba de consumir completamente a si mesma. Trátase dese nihilismo artístico, ou exilio do mundo real, que caracteriza a tardomodernidade.

Keats emprega a representación para evocar os praceres outonizos; Glück subliña a escisión entre o suxeito que pensa e o mundo pensado, por iso non pode “colaborar”, porque para ela o paso das estacións é irrepitible, non se pode representar xa que o tempo cíclico das cousas non existe para o suxeito que pensa e é único dador de senso ao mundo.

A referencia de Glück á periodización da obra poética de Keats, ese “período intermedio” no que o poeta compuxo as súas grandes odas, entre elas a dedicada ao outono, amosa como para a poeta tardomoderna o único representable é a propia arte. E iso sempre desde unha posición irónica e desconfiada, a do suxeito que nin tan sequera fía no seu propio pensamento porque considera que a realidade é un reflexo deste e que, como consecuencia, soamente se pode acceder a un sucedáneo dela a través da linguaxe. De aí que, cando se supón que o mundo é algo inconsistente que depende do pensamento, a única posibilidade da arte sexa o discurso sobre a propia arte.

(*Exergo*. Se creo que  $X=Eu$ , creo que a proposición  $X$  pode ser verdadeira. Confío en que  $X=A$  existencia de  $X$  é, para min, unha proposición absoluta.

Se dubido de que  $X=Eu$ , admito a posibilidade de que, nunha data futura sen especificar, se poida pensar que a proposición  $X$  sexa falsa ou concluír que, para min, a presuposición de que  $X$  exista xa non é absoluta senón relativa).


Por fortuna, un poeta como Auden xa demostrou con anterioridade que a xustiza poética é posible mesmo desde unha posición que considera as obras feitas coa linguaxe como a definitiva frivolidade da arte. Ou precisamente por iso. Para o autor de “A lei oculta”, a frivolidade da arte, ao ser consubstancial a esta, deixa ao descuberto que a obsesión moderna coa que se condena a

representación a unha posición vicaria desde a que é imposible acceder á esencia das cousas, isto é á realidade, carece de importancia.

A función da arte non é darnos a verdade; a función da arte é representar as cousas para amosar como poden perseverar na súa existencia. A arte é unha forma de irredutibilidade da existencia. O experto en dicir é o que di cada cousa de maneira que salienta a súa irredutibilidade.

A lei oculta que goberna a existencia humana non pode ser algo manifesto pois nese suposto a lei sería maleable e estaría suxeita ao arbitrio do pensamento. Para ser xusta, a lei non pode sucumbir aos caprichos da vontade. Ese é o motivo polo que, agustinianamente, o ser humano pode decidir en cada situación, porque descoñece os designios da xustiza igual que o poeta compón versos coa perenne certeza da súa continxencia.

A xustiza poética non se pode administrar a vontade ou non sería xustiza senón unha simple pantomima, unha imitación, puro ruído e furia encol das táboas renxentes dun escenario a piques de esboroarse. A consistencia da arte, e con ela de toda representación, reside nesa *lex abscondita* que a goberna e que non por iso carece de realidade; todo o contrario, a representación permítenos acceder ao mundo —ao mundo do que o ser humano ten a experiencia— precisamente por estar descargada da obriga de acceder a esencia ningunha das cousas. A xustiza poética é posible porque nada ten que ocultar.





**Dover Beach**  
*Matthew Arnold*

The sea is calm to-night.  
The tide is full, the moon lies fair  
Upon the straits; on the French coast, the light  
Gleams and is gone; the cliffs of England stand,  
Glimmering and vast, out in the tranquil bay.  
Come to the window, sweet is the night-air!  
Only, from the long line of spray  
Where the sea meets the moon-blanch'd sand,  
Listen! you hear the grating roar  
Of pebbles which the waves draw back, and fling,  
At their return, up the high strand,  
Begin and cease, and then again begin,  
With tremulous cadence slow, and bring  
The eternal note of sadness in.

Sophocles long ago  
Heard it on the Ægean, and it brought  
Into his mind the turbid ebb and flow  
Of human misery: we  
Find also in the sound a thought,  
Hearing it by this distant northern sea.

The sea of faith  
Was once, too, at the full, and round earth's shore  
Lay like the folds of a bright girdle furled.  
But now I only hear  
Its melancholy, long, withdrawing roar,  
Retreating, to the breath  
Of the night-wind, down the vast edges drear  
And naked shingles of the world.

Ah, love, let us be true  
To one another! for the world, which seems  
To lie before us like a land of dreams,  
So various, so beautiful, so new,

## A praia de Dover

*Matthew Arnold*

De noite está calmo o mar.  
Hai marea chea, a lúa déitase soturna  
Sobre o estreito; na costa francesa, a luz no ar  
Brilla e esmorece; os cantís de Inglaterra ruben,  
Raiolantes e vastos aí fóra, na apracible enseada.  
¡Ven onda a ventá, á morna brisa nocturna!  
Soamente, desde a xerfa de liña alongada  
Onde mar e luar no razo se unen,  
¡Escoita!, dos seixos sente o rumor na furna  
A onde as vagas os arrastran e turran,  
Abalo e devalo, alí na praia suben,  
Comezan, cesan e logo a comezar volven,  
Cunha cadencia de trémolo lento, empurran  
A eterna nota de tristeza que envolven.

Sófocles, hai moito, coidou escoitar  
No Exeo ese turbio devalo e fluír do mar,  
O mesmo fluír que o fixo pensar  
Na humana miseria: agora nós, engorde,  
tamén ese son atopamos no lar  
Ao oílo neste distante mar ao norde.

Da fe o mar  
Tamén estivo unha vez cheo e, por toda a terra arredor,  
Estrado como as pregas dunha faixa a brillar.  
Mais eu agora só escoito  
O seu melancólico, longo e derradeiro rumor  
Repregándose, desde o ar  
Do vento nocturno ata as ermas estremas en loito  
E os espidos coídos do mundo interior.

¡Ai, amor, sendo a ti fiel  
Déixanos selo un ao outro! Por un mundo que prace,  
E, antes ca nós, nunha terra de soños xace  
Tan vizoso, tan novo, tan inxel,

Hath really neither joy, nor love, nor light,  
Nor certitude, nor peace, nor help for pain;  
And we are here as on a darkling plain  
Swept with confused alarms of struggle and flight,  
Where ignorant armies clash by night.

Que en realidade, nin alegría nin amor atesoura,  
Nin luz nin certeza, paz nin quen axude na pena;  
E velaquí estamos mentres, nesta chaira de tebras plena,  
Varrida polas confusas alarmas da loita que estoura  
Onde exércitos ignaros se baten na noite moura.

**The Nineteenth Century and After**  
*W. B. Yeats*

Though the great song return no more  
There's keen delight in what we have:  
The rattle of pebbles on the shore  
Under the receding wave.

## O século dezanove e despois

*W. B. Yeats*

Malia non retornar do canto o grandor,  
Algo temos que inda nos excita:  
Dos seixos na beiramar o rumor  
Que a vaga en devalo recita.

## To Autumn

*John Keats*

Season of mists and mellow fruitfulness!  
Close bosom-friend of the maturing sun;  
Conspiring with him how to load and bless  
With fruit the vines that round the thatch-eaves run;  
To bend with apples the moss'd cottage-trees,  
And fill all fruit with ripeness to the core;  
To swell the gourd, and plump the hazel shells  
With a sweet kernel; to set budding more,  
And still more, later flowers for the bees,  
Until they think warm days will never cease,  
For Summer has o'er-brimm'd their clammy cells.

Who hath not seen thee oft amid thy store?  
Sometimes whoever seeks abroad may find  
Thee sitting careless on a granary floor,  
Thy hair soft-lifted by the winnowing wind;  
Or on a half-reap'd furrow sound asleep,  
Drowsed with the fume of poppies, while thy hook  
Spares the next swath and all its twined flowers;  
And sometime like a gleaner thou dost keep  
Steady thy laden head across a brook;  
Or by a cider-press, with patient look,  
Thou watchest the last oozings, hours by hours.

Where are the songs of Spring? Ay, where are they?  
Think not of them, thou hast thy music too.  
While barred clouds bloom the soft-dying day,  
And touch the stubble-plains with rosy hue;  
Then in a wailful choir the small gnats mourn  
Among the river shallows, borne aloft  
Or sinking as the light wind lives or dies;  
And full-grown lambs loud bleat from hilly bourn:  
Hedge-crickets sing; and now with treble soft  
The redbreast whistles from a garden-croft,  
And gathering swallows twitter in the skies.

## Ao outono

*John Keats*

¡Estación de brétemas e vizoso deixarse ir!  
Tan íntima amiga do sol en sazón;  
Con el conspiras para encher e bendicir  
Co froito a parra que no aleiro dá cubrición;  
Ti domeas as pólas carrizosas dos pomares  
E de madureza ateigas as froitas ata o carozo;  
As cabazas inchas e a casca da abelá rebentas  
Coa dozura da súa cerna; fas abrollar de gozo,  
E inda máis, prás abellas as serodias flores  
Coma se os cálidos días seguisen nos albores  
Pois o verán acugulou as doces celas parturentas.

¿Quen a vostede non o observou decote entre a fartura?  
Ás veces, calquera que fóra ao señor procuraba  
Víaó sentado no chan do celeiro á ventura,  
Coa lisa cabeleira que o vento peneiraba;  
Ou, nun rego a medio segar, durmindo a eito,  
Aloulado polas papoulas mentres o gume  
Perdoa o suco vindeiro e as flores amecidas;  
Outras, rexo segador, dun regato a través do leiteo  
Aturando dereito a testa cangada no cume;  
E, pé do lagar, con acougo na ollada, antes lume,  
Hora tras hora, a vixiar o fluír das pingas compracidas.

¿Onde vai a canción da primavera? ¿A onde iría?  
Pra que cavilar nela se o señor xa ten o propio son.  
Mentres, as nubes atrávesanse, apagan o doce día  
E tinguen as chairas demudadas de rosado ton;  
Daquela, un triste coro de cínfanos se lamenta,  
Entre os salgueiros da ribeira, no confín  
Subindo ou baixando ao son dunha brisa que turra.  
E os años xa criados bean desde a aba fraguenta:  
Os grilos cantan e, entón, con trino afín  
O paporroibo da granxa asubía desde o xardín  
E as andoriñas forman no ceo un tumulto que urra.



## To Autumn

*Louise Glück*

—for Keith Althaus

Morning quivers in the thorns; above the budded snowdrops  
caked with dew like little virgins, the azalea bush  
ejects its first leaves, and it is spring again.  
The willow waits its turn, the coast  
is coated with a faint green fuzz, anticipating  
mold. Only I  
do not collaborate, having  
flowered earlier. I am no longer young. What  
of it? Summer approaches, and the long  
decaying days of autumn when I shall begin  
the great poems of my middle period.

**Ao outono**  
*Louise Glück*

—para Keith Althaus

A mañá treme nas espiñas; riba dos rebentos das campánulas  
cubertas de xiada coma virxes pequenas, a mata de azaleas  
bota as primeiras follas, é primavera outra vez.  
O salgueiro agarda a súa quenda, a costa  
está bañada por unha lene penuxe verde que anticipa  
a carriza. Soamente eu  
non colaboro,  
floreceín antes. Xa non son nova. ¡Tanto  
ten! Achégase o verán, e a longa  
decadencia dos días de outono cando hei comezar  
os grandes poemas do meu período intermedio.

## Law Like Love

*W. H. Auden*

Law, say the gardeners, is the sun,  
Law is the one  
All gardeners obey  
Tomorrow, yesterday, today.

Law is the wisdom of the old,  
The impotent grandfathers feebly scold;  
The grandchildren put out a treble tongue,  
Law is the senses of the young.

Law, says the priest with a priestly look,  
Expounding to an unpriestly people,  
Law is the words in my priestly book  
Law is my pulpit and my steeple.  
Law, says the judge as he looks down his nose,  
Speaking clearly and most severely,  
Law is as I've told you before,  
Law is but let me explain it once more,  
Law is The Law.

Yet law-abiding scholars write:  
Law is neither wrong nor right,  
Law is only crimes  
Punished by places and by times,  
Law is the clothes men wear  
Anytime, anywhere.  
Law is Good-morning and Good-night.

Others say, Law is our Fate;  
Others say, Law is our State;  
Others say, others say  
Law is no more.  
Law has gone away.

## Na lei coma no amor

*W. H. Auden*

Falan os xardineiros que o sol é a lei,  
A única lei  
Que cada xardineiro obedece  
Hoxe, onte e mañá, cando amañece.

Que dos devanceiros a lei é a ciencia,  
Dos impotentes avós a rosmaren a consciencia  
Cando o neto anoxado a lingua affía  
Porque a lei na mocidade confía.

Que a lei, di o crego con ollada clerical,  
No sermón ante xente nada fiel,  
Son as verbas dun libro parroquial,  
Que a lei é un púlpito e un chapitel.  
Que a lei, di o xuíz ao mirar desde o seu nariz,  
Falando aberto e con saña,  
É o que xa vos dixen de cór,  
E haina que explicar máis unha vez, por-  
Que a lei é a lei, sempre gaña.

Contra o que o sabido e sometido argalla,  
Dicir que a lei non ten razón nin falla,  
Que a lei os crimes só condena  
en todo lugar e época cunha pena,  
Que sempre e onde calla  
É a roupa que o home leva vestida,  
A lei é saúdo e é despedida.

Seica a lei é o noso Fado;  
Seica a lei é o noso Estado;  
Non hai,  
Seica, xa lei.  
A lei, ¿onde vai?

And always the loud angry crowd,  
Very angry and very loud,  
Law is We,  
And always the soft idiot softly Me.

If we, dear, know we know no more  
Than they about the Law,  
If I no more than you  
Know what we should and should not do  
Except that all agree  
Gladly or miserably  
That the Law is  
And that all know this,  
If therefore thinking it absurd  
To identify Law with some other word,  
Unlike so many men  
I cannot see Law is again  
No more than they can we suppress  
The universal wish to guess  
Or slip out of our own position  
Into an unconcerned condition.

Although I can at least confine  
Your vanity and mine  
To stating timidly  
A timid similarity,  
We shall boast anyway:  
Like Love I say.

Like love we don't know where or why,  
Like love we can't compel or fly,  
Like love we often weep.  
Like love we seldom keep.

Pois sempre berra alto a masa,  
Moi alto e con moita brasa,  
Que a lei nós somos  
E, sempre, o pobre parvo e eu pobriños fomos.

Se nós sabemos que xa non sabemos, meu rei,  
Máis ca eles sobre a lei.  
Se tanto ti coma min sabemos  
O que facer debemos ou non debemos  
Agás, conformes co contrato  
De bo grado ou por mandato,  
Que a lei é iso  
E sabémolo todos con siso,  
Se pensamos que é absurdo entón  
Identificar a lei cunha verba que se supón,  
A diferenza de tantos, amodo,  
O que a lei é, dicir non podo,  
Coma eles, non podemos suprimir  
O universal degoiro de descubrir  
Ou de ceibarnos da nosa posición  
Pra gozar de confiada condición.

Aínda que é posible limitar, temesiña,  
A túa vaidade e maila miña  
Pra manter, que afouteza,  
Unha similar estrañeza,  
Pra fachendear así e todo:  
Coma no amor, digo eu, ben podo.

Coma no amor, nin onde nin por que sabemos,  
Coma no amor, obrigar nin escapar podemos,  
Coma no amor, normalmente choramos,  
Coma no amor que poucas veces conservamos.

## **The Hidden Law**

*W. H. Auden*

The Hidden Law does not deny  
Our laws of probability,  
But takes the atom and the star  
And human beings as they are,  
And answers nothing when we lie.

It is the only reason why  
No government can codify,  
And verbal definitions mar  
The Hidden Law.

Its utter patience will not try  
To stop us if we want to die;  
If we escape it in a car,  
If we forget It in a bar,  
These are the ways we're punished by  
The Hidden Law.

## A lei oculta

*W. H. Auden*

A lei oculta non nega, necesidade non ten,  
As leis do que se pode probar ben,  
Mais colle o átomo e un estelar aparato,  
Ao ser humano faille tamén retrato  
E se mentimos non di nin ren.

Esa é a única razón por que  
Os gobernos non codifican o que  
Definición ningunha exemplifica,  
Iso a lei oculta significa.

Nada vai tentar se perdemos o norte  
Nin coa súa paciencia nos ha librar da morte;  
Se nun coche nós lle escapar  
Ou dela nos esquecemos nun bar,  
Así nos vai castigar a sorte  
Da lei oculta que nada ten que ocultar.





POÉTICAS

DOOR  
NOVA



# Berta Dávila

28 de agosto

O outono chega cada vez máis tarde. Díxomo un home vestido cun chubasqueiro branco de moitos petos na sala de espera do ambulatorio, un dos últimos días de agosto. A min tamén me tarda o outono, pensei, pero respondín outra cousa: que chegue cando teña que chegar. A conversa quedou quieta, como adormecida, e el pasou o resto do tempo que permanecemos xuntos alí, os dous agardando, entretido cos botóns do chubasqueiro, pechándoos e abrindoos sen ningún propósito aparente. Algo nervioso, se cadra.




As persoas impacientes recoñecémonos entre nós pero tamén nos detestamos. Unha vez dixen que a miña tendencia é ser máis indulxente cos defectos que me son propios. Era mentira, sucede o contrario: non me gusta o encontro con outros que se parecen a min. Desexaría que o home do ambulatorio non me recordase as miñas neuras.

A meirande parte dos meses de agosto da miña vida paseinos preparando algo. Os tres últimos preparaba un libro. Este tamén. Outro agosto, anterior, preparaba unha mudanza. Algunha vez, máis lonxe no tempo, preparaba unha viaxe. Aínda máis lonxe no tempo, un exame de francés.

Aqueles preparativos tiveron un éxito desigual. Case todas as veces conseguín rematar os libros e que me gustasen, tamén conseguín cambiarme de casa sen contratemplos graves, aínda que non sei establecer que é o que marca o éxito ou o fracaso dunha mudanza. O exame de francés non puido ser.

Interésame sempre saber que é o que a xente agarda e que é o que a xente prepara. Fóra, na rúa, algúns operarios municipais axeitan as árbores urbanas. Creo que o home do ambulatorio e mais eu estamos preparando o outono, e tamén os operarios municipais, coma se dependese de nós a súa chegada. É posible que sexa así.






# Alicia Fernández

5 de outubro de 2021

Aquí todo é beleza.

Esríboche desde o miradoiro de São Pedro de Alcântara tomando un garoto e un pastel de nata á túa saúde mentres o Eduard debuxa unha árbore e o Xonás un frangipão (unha clase de animal mitolóxico que inventamos para facer a viaxe máis agradable). A Carme dorme no carro, allea aos deseños e ás vistas, como dormen os bebés. O frangipão é moi peludo e ten unha especie de trompa, cellas con forma de corazón, unha orella triangular e a outra redonda. Non parece nin grande nin pequeno e diría que é vertebrado. O outono chegou hai uns días e, se dependeu, en parte, da escritora e do home do chubasqueiro, non lles quedou nada mal. A luz da cidade é marabillosa, cegadora. Non poño as lentes de sol porque me atrae esta dor nos ollos. Sei que me entenderías.



Pola mañá vin pelicanos por primeira vez. Escribín un libro enteiro sobre pelicanos e descoñecía ese brillo irisado da plumaxe. Falei dos pálidos e dos cinsentos, pero en ningún poema houbo nácara. Onda nós, unha



excursión de nenos pequenos e as mestras cantaban, máis ou menos, *hoje eu vi un leão e não era um leão, e o que era, então? Não digo, não! Tinha corpo de leão, tinha boca de leão, tinha dente de leão, tinha pata de leão, tinha cheiro de leão. Que bicho era, então? Pois era a leoa, a mulher do leão!* Rimos todos, supoño que por causas diferentes.

Agora, dezaseis anos despois de vir a Lisboa, tamén por primeira vez, non teño claro que nos salve a beleza, verdadeiramente, mais seguro que nos facilita a vida, como o frangipão.

# SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 7 ANA VARELA MIÑO  
*o traxecto*
- 8 ARANCHA NOGUEIRA  
*Antese*
- 10 BELÉN SENÍN  
*[advertíchesme]*  
*[herdín de ti]*  
*[perseguías ás formigas]*
- 13 CLAUDIO RODRÍGUEZ FER  
*Cando a noite cae sobre Bucarest*  
*Entrando en Transilvania*
- 15 INMA LÓPEZ SILVA  
*Domingo*  
*[HABÍA UN corazón]*
- 21 IRIA PÉREZ ÁLVAREZ  
*Tres bicos na fronte de mamá*
- 24 LAURA CAMINO PLAZA  
*Todos os mares*
- 27 MARTA DACOSTA  
*Solta*

- 31 MÍRIAM FERRADÁNS  
*Corazón de chícharo*
- 34 NIEVES NEIRA ROCA  
*Lugar en catro tempos*
- 38 OLALLA TUÑAS  
*Outono*
- 42 XULIO PARDO DE NEYRA  
*puta desmemoria*  
*propriadamente propias*  
*o soño do sono*  
*a alma migrante*  
*muxindo as xenxivas*  
*notarial*
- 47 CARLOS FERNÁNDEZ GARCÍA  
*Cronostase. Unha historia en tempo de pandemia*
- 59 GONZALO VALIÑAS BAÑOS  
*Ondas do mar*
- 64 PATRICIA TORRADO QUEIRUGA  
*Colección de corazóns*
- 66 XAVIER QUEIPO  
*O amante sufi (Conto imperfecto)*
- 73 **VOCES DE FÓRA**
- 75 A POESÍA ESCRÍBESE SEN TEMPO  
*Introdución (Carlos Lema)*
- 80 MATTHEW ARNOLD  
*Dover Beach | A praia de Dover*
- 84 W. B. YEATS  
*The Nineteenth Century and After | O século dezanove e despois*
- 86 JOHN KEATS  
*To Autumn | Ao outono*
- 88 LOUISE GLÜCK  
*To Autumn | Ao outono*

90 W. H. AUDEN  
Law Like Love | *Na lei coma no amor*

94 W. H. AUDEN  
The Hidden Law | *A lei oculta*

97 **POÉTICAS**

99 BERTA DÁVILA

103 ALICIA FERNÁNDEZ




Este volume da revista  
*Dorna. Expresión poética galega*  
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta  
Universitaria. Compostela,  
novembro de 2021





# DORNA



EXPRESSION POÉTICA GALGA Nº 44  
2021